



Programa de actividades 2010-2011

Programa de actividades 2010-2011



Concello de Oleiros
ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

Edita:

Organismo Autónomo Municipal de Cultura
do Concello de Oleiros

Imprime:

Imprenta Mundo

Depósito legal:

C 3839 - 2010

Estimados veciños e veciñas,

O Goberno local de Oleiros forxou ao longo dos anos un extenso e completo programa de actividades que pretende completar a educación dos nosos fillos e das nosas fillas e poñer á súa disposición un conxunto de iniciativas que enriquezan o seu tempo de lecer. Este delicado traballo, posto en marcha desde o Organismo Autónomo Municipal de Cultura, plasma un dos eixes fundamentais da nosa política, que atopa na cultura, na educación e no deporte os alicerces sobre os que debe sustentarse o desenvolvemento humano da nosa mocidade.

Esta publicación recolle de forma detallada as iniciativas que desde as distintas áreas municipais se están levando a cabo ao longo deste curso para converter en realidade este desenvolvemento. A través do fomento da lectura, o coñecemento da lingua, a música, o teatro e o deporte pretendemos promover valores tan fundamentais como a solidariedade, a convivencia ou o respecto. Convencidos de que estes valores axudarán a xente nova a construír no futuro unha sociedade sa.

Ángel García Seoane
Alcalde do Concello de Oleiros

Organismo Autónomo Municipal de Cultura







Teresa Vázquez Maseda

Presidenta do Consello de Administración

Esther Garrido Pan

Concelleira de Cultura, Educación e Xuventude

Programas pertencentes a:

	CENTRO DE INFORMACIÓN XUVENIL	7
	SISTEMA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS	27
	SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	51
	SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN	63
	SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES	87
	Programa de actividades extraescolares do CEIP Isidro Parga Pondal	99





PROGRAMA XUVENTUDE 2010-2011

- **1 Limiar** (páx.8)
- **2 Educación para a Saúde** (páx.10)
 - **2.1** Desmárcate, Programa de Educación para a Saúde e Prevención de Drogas e Alcohol
 - **2.2** RSO, Programa de Educación Sexual
 - **2.3** Comida e Saúde, Programa de Alimentación Saudable
- **3 Educación en Valores** (páx.16)
 - **3.1** Condúctete con senso, Programa de Educación Viaria
 - **3.2** Autoprotección
- **4 Formación** (páx.19)
 - **4.1** IX Xornadas de Orientación Académica
 - **4.2** Oleiros coa música
- **5 Participación xuvenil** (páx.21)
 - **5.1** Xuventude, programa de radio
- **6 Outras actividades** (páx.22)
 - **6.1** Punto de Asesoramento para pais e nais, rapaces e rapazas
 - **6.2** Escola para pais e nais
 - **6.3** Desmárcate, programa de radio
 - **6.4** Centro de Lecer, Portaberta
 - **6.5** Fabriarte

● CENTRO DE INFORMACIÓN XUENIL

Sandra Fernández Fernández

Responsable do CIX

s.fernandez@oleiros.org

Rúa do Inglés s/n. 15172 Perillo - Oleiros

Teléfono: 981 636 598

c.xuventude@oleiros.org

O Concello de Oleiros, dentro do ámbito educativo, ten desde hai anos unha mesma liña de traballo, onde se programan, ofertan e desenvolven unha serie de actividades educativas que teñen como obxecto formar a mocidade oleirense en valores que favorezan a liberdade persoal, responsabilidade, solidariedade, tolerancia e igualdade.

Con estes valores como obxectivo presentámosvos un ano máis, desde o Centro de Información Xuvenil, unha serie de programas que pretenden ser unha liña de colaboración entre os centros educativos, as familias e o Concello, onde os beneficiarios son os nosos rapaces e rapazas.

Os distintos programas son só unha proposta a cal, entre todos podemos modificar e adaptarnos á realidade de cada centro educativo para acadar así os obxectivos marcados para cada acción.





PROGRAMA	ACCIÓN	DESTINATARIOS/AS	TEMPORALIZACIÓN
DESMÁRCATE	■ Ti e a vida sa	5º primaria	4 sesións de 50'
	■ Responsabilízate da túa saúde	6º primaria	4 sesións de 50'
	■ Valórate	1º ESO	5 sesións de 50'
	■ Os teus valores	2º ESO	2 proxeccións de películas 2 sesións de 50'
	■ Ti e as drogas	3º ESO	5 sesións de 50'
	■ A túa responsabilidade ante as drogas	4º ESO	5 sesións de 50'
	■ A túa relación cos demais	1º bacharelato	2 sesións de 50'
	■ A túa responsabilidade ao conducir	2º bacharelato	2 sesións de 50'
	■ A túa relación cos demais	1º C. F.	2 sesións de 50'
■ A túa responsabilidade ao conducir	2º C. F.	2 sesións de 50'	
RSO	■ RSO	3º ESO	5 sesións de 50'
	■ Día da SIDA	4º ESO	Charla de 50'
COMIDA E SAÚDE	■ Comida e Saúde	1º ESO	2 sesións de 50'
		2º ESO	2 sesións de 50'
CONDÚCETE CON SENSO	■ Somos peóns	6º infantil	3 sesións de 50'
	■ Peóns e viaxeiros	2º primaria	3 sesións de 50'
	■ A bicicleta	6º primaria	3 sesións de 50'
	■ Seguridade viaria e o ciclomotor	4º ESO	2 sesións de 50'
	■ Condución positiva	1º bacharelato	2 sesións de 50'
AUTOPROTECCIÓN		4º ESO	1 sesións de 50'
		1º bacharelato	1 sesións de 50'
IX X.O.A	Xornadas de orientación académica	4º ESO	3 horas
		2º bacharelato	Unha mañá
OLEIROS COA MÚSICA	O desenvolvemento da música moderna nas diferentes épocas	ESO-bacharelato	1 hora/ 21 decembro
XUVENTUDE	Programa de radio	3º ESO-bacharelato	1 hora á semana

2.1 Desmárcate, Programa de Educación para a Saúde e Prevención de Drogas e Alcohol

A principios de ano levouse a cabo unha enquisa co obxecto de coñecer mellor a realidade da mocidade oleirense desde os 14 ata os 35 anos. Os datos que saíron dela demostran que a xente nova de Oleiros non defire moito do resto de Galicia. Comezan a consumir alcohol aos 15 anos, idade na que tamén toman contacto co tabaco.

Tendo en conta os datos da enquisa, podemos afirmar que o traballo levado a cabo desde hai uns anos, dentro do programa de prevención, está a dar os seus froitos e os obxectivos marcados estanse a conseguir. De todos os xeitos, temos a necesidade de seguir apostando e ofertando as distintas liñas de acción de Desmárcate para conseguir que o consumo de drogas sexa menor ca o actual.

- Nas seguintes liñas presentámosvos o programa e as accións que se van levar a cabo.

Obxectivos xerais:

- Promover un estilo de vida saudable entre a poboación.
- Evitar ou, cando menos, retardar a idade do primeiro uso de substancias con capacidade aditiva, tanto legais como ilegais, na mocidade de Oleiros. Impedir a escalada no uso destas substancias, reducindo a frecuencia dos consumos ou as cantidades consumidas.
- Formar os pais e as nais, así como o persoal docente, no desenvolvemento de hábitos saudables para que poidan actuar preventivamente.
- Formar docentes encargados de introducir algúns dos programas nos centros educativos.
- Informar e asesorar a comunidade en xeral, así como os colectivos específicos e as institucións sobre o fenómeno de consumo de drogas.



Destinatarios/as:

- O alumnado de 5º e 6º de primaria dos CEIP de Oleiros.
- O alumnado da ESO, bacharelato e ciclos formativos dos IES de Oleiros.
- Os pais e as nais do dito alumnado, así como aqueles veciños de Oleiros que teñan fillos ou fillas nestas idades e que estuden noutro centro educativo.
- O profesorado dos ditos centros educativos.



ACTIVIDADES			
ACCIÓN	CURSO	OBXECTIVOS	DURACIÓN
TI E A VIDA SA	5º primaria	Coñecer os hábitos e as actitudes da vida saudable e promover un clima positivo que favoreza a aceptación crítica de todas as posturas.	4 sesións de 50'
RESPONSABILÍZATE DA TÚA SAÚDE	6º primaria	Coñecer e analizar a percepción individual e do grupo sobre algunhas cuestións xerais referidas ao tabaco. Valorar a expresión das opinións e sentimentos interpersoais, coincidan ou non coas do grupo.	4 sesións de 50'
VALÓRATE	1º ESO	Manexar habilidades sociais e presión de grupo. Fomentar a confianza nun mesmo.	5 sesións de 50'
OS TEUS VALORES	2º ESO	2 proxeccións de películas. Traballar a temática presentada nas películas.	2 películas 2 sesións de 50'
TI E AS DROGAS	3º ESO	Relacionar diversos tipos de drogas, sobre todo as que eles coñecen, cos efectos e coas consecuencias que producen.	5 sesións de 50'
A TÚA RESPONSABILIDADE ANTE AS DROGAS	4º ESO	Reflexionar sobre a súa identidade persoal e sobre a diversa consideración social que teñen as distintas drogas.	5 sesións de 50'
A TÚA RELACIÓN COS DEMAIS	1º bacharelato 1º C. F.	Valorar a importancia de establecer relacións positivas tanto co grupo de pares como coa familia e coa comunidade.	2 sesións de 50'
A TÚA RESPONSABILIDADE AO CONDUCIR	2º bacharelato 2º C.F	Valorar a influencia da cultura e dos costumes da sociedade como determinante das actitudes persoais, familiares e sociais respecto ao consumo do alcohol.	2 sesións de 50'

2.2 RSO, Programa de Educación Sexual

RSO, Resposta Sexual Oleiros, é un programa dirixido principalmente ao alumnado de 3º e 4º da ESO, xa que son nesta franxa de idade onde comezan a ter un maior número de dúbidas e inqedanzas sobre as relacións sexuais. De todos os xeitos, todo o alumnado, como vén sendo habitual, será beneficiario das accións e dos servizos que RSO porá en funcionamento.

A información sexual e a educación sexual son dous dos dereitos sexuais das persoas, así que tendo presente estas dúas premisas, RSO ten como obxectivo fundamental contribuír a construír unha sociedade máis igualitaria entre homes e mulleres, á vez que máis tolerante e respectuosa.

- Nas seguintes liñas presentámosvos todas as accións que coa vosa colaboración levaremos a cabo.

Obxectivos xerais:

- Proporcionar ao alumnado dos IES de Oleiros coñecementos básicos, fomentando actitudes positivas que lles permitan achegarse a unha vivencia natural, sa, satisfactoria e responsable da sexualidade e afectividade.
- Aumentar as habilidades de comunicación e negociación tanto para conseguir e empregar medidas preventivas, como para non deixarse inducir por proposicións para realizar condutas de risco.
- Reflexionar sobre os mitos e crenzas erróneas sobre a sexualidade, potenciando a construción o coñecemento de diferentes nocións ou conceptos que possibiliten entender de maneira crítica as distintas vivencias e manifestacións da sexualidade humana.
- Reflexionar sobre o papel das mulleres e dos homes na sociedade actual, así como o de tomar conciencia dos límites impostos desde a educación e a cultura sobre o feito de ser muller e sobre o feito de ser home.



Destinatarios/as:

- O alumnado de 3º e 4º da ESO.
- O alumnado dos IES de Oleiros.
- A mocidade de Oleiros.



ACTIVIDADES

ACCIÓN	CURSO	OBXECTIVOS	DURACIÓN
RSO	3º ESO	Proporcionar coñecementos básicos e actitudes positivas sobre sexualidade e prevención de riscos no comportamento sexual.	5 sesións de 50'
O VIH/SIDA, ENFERMIDADES DE TRANSMISIÓN SEXUAL E OS MÉTODOS PREVENTIVOS E ANTICONCEPTIVOS	4º ESO	Proporcionar información sexual, para evitar mitos e tabús que poidan favorecer a adopción de condutas de risco. Diminuír o risco de ETS e SIDA.	Charla de 50'
DÍA DA SIDA: STAND INFORMATIVO	IES	Informar detalladamente sobre a SIDA; sensibilizar o alumnado e a poboación en xeral ante o fenómeno da SIDA, promovendo valores de solidariedade, cooperación e respecto; fomentar a toma de decisións libres e responsables.	No recreo. Decembro
ASESORAMENTO XUVENIL: STAND INFORMATIVO	IES	Proporcionar información adecuada e básica sobre sexualidade.	No recreo, unha vez cada trimestre



2.3 Comida e Saúde, Programa de Alimentación Saudable

Un curso máis ofertamos o programa de alimentación saudable, xa que a mala alimentación, os trastornos alimenticios, unidos aos hábitos sedentarios, son un problema que seguen afectando á sociedade e sobre todo á mocidade.

Tendo en conta isto, o noso obxectivo fundamental é promover, non só a través deste programa, senón do resto das accións, hábitos de vida saudable a nivel físico e emocional. Sentando así as bases do benestar do alumnado, baseándonos nas súas necesidades reais por riba de presións sociais, mediáticas e de mercado.

Obxectivos xerais:

- Promover valores, actitudes e hábitos que incidan nun modo de vida saudable e equilibrado tanto a nivel físico como emocional.
- Reflexionar sobre algúns hábitos de vida que poidan indicar un trastorno alimentario.
- Manter unha actitude crítica ante os estilos de vida como elementos condicionantes da saúde e determinados por factores culturais e sociais, vinculado polo consumo de alimentos de orixe industrial e precociñados.
- Recoñecer os beneficios da actividade deportiva, en canto aos tres niveis da saúde: mental, físico e social.

Destinatarios/as:

- O alumnado de 1º e 2º da ESO dos IES de Oleiros.

Duración:

- Obradoiros de dúas sesións cada un, cunha duración de 50 minutos.





ACTIVIDADES

ACCIÓN	CURSO	CONTIDOS
COMIDA E SAÚDE	1º ESO	<p>Qué é unha vida saudable?</p> <p>Qué é a alimentación e a nutrición?</p> <p>Alimentos e nutrientes: tipos de nutrientes e as súas funcións.</p> <p>Os alimentos, tipos e clasificación.</p> <p>A roda dos alimentos.</p> <p>Necesidades enerxéticas; a dieta equilibrada.</p> <p>Mitos e fraudes en torno á alimentación. Os canons de beleza e o modelo imposto.</p> <p>Os trastornos alimenticios</p>
COMIDA E SAÚDE	2º ESO	<p>1º sesión:</p> <p>Clasificación dos nutrientes segundo as súas funcións e poñelos en relación cos alimentos, e dentro destes, recoñecer os máis saudables ou cun maior valor biolóxico.</p> <p>As cantidades necesarias varían segundo a idade, sexo e actividade deportiva, entre outros factores.</p> <p>Importancia de manter no tempo: unha dieta saudable e actividade física, para evitar o efecto rebote, é dicir, incorporalo en hábitos, desterrando o concepto operación...</p> <p>A actividade deportiva como achega de valores como o sacrificio, o esforzo, a competitividade, o traballo en equipo, danos confianza en nos mesmos, mellora a nosa autoestima, favorece as relacións sociais, prevén enfermidades, mantennos esveltos e fainos eliminar graxas e azucres acumulados, corrixe a nosa postura, achega maior control do corpo e fainos máis lixeiros e áxiles, distrae, relaxa, é unha alternativa de ocio grazas ás endorfinas, provoca sensación de felicidade e benestar. Favorece a sensación de pertenza a un grupo, favorece a relación co noso propio corpo.</p> <p>2º sesión:</p> <p>Hábitos de alimentación favorables, analizar os nosos hábitos e melloralos: comer en compañía e sen ver a tele, facer 5 comidas, mastigar.</p> <p>Os estilos de vida saudable: abandono do rural e a incorporación da muller ao mundo laboral, ao que se engade a publicidade, invitamos a consumir produtos "improvisados", é dicir, precociñados ou que atopamos en máquinas expendedoras. Así, mesmo se nos presentan produtos que complementan os anteriores.</p> <p>A socialización da alimentación: modelos de beleza e trastornos alimenticios.</p>

3.1 Condúctete con senso, Programa de Educación Viaria

A educación viaria é unha parte fundamental da educación social, sendo unha eficaz base de actuación cidadá, dado que trata de crear hábitos e actitudes positivas de convivencia, de calidade de vida, calidade medioambiental e de seguridade viaria.

Tendo en conta isto, os departamentos municipais que colaboran neste proxecto, Xuventude, Policía local e o Servizo Municipal de Emerxencias, dirixirán principalmente as súas accións ao ámbito escolar, levando a cabo de xeito puntual ao longo do ano, unha serie de campañas informativas dirixidas a todos os veciños e veciñas de Oleiros.

Obxectivos xerais:

- Desenvolver hábitos encamiñados á creación do sentido viario, tales como hábitos de observación visual, auditiva, psicomotrices, relacionados coa noción espacial, de prudencia e pronta decisión.
- Captar o interese do alumnado de maneira lúdica e didáctica na educación viaria aproveitando as súas experiencias persoais.
- Coñecer e practicar as primeiras medidas de seguridade en caso de accidente.
- Ensinar ao alumnado as normas que afectan á circulación dos vehículos, a obriga de utilizar o casco e o cinto de seguridade e a incompatibilidade do alcohol coa conducción.



Destinatarios/as:

- O alumnado de 6º de infantil dos CEIP de Oleiros e do Colexio Cristo Rey.
- O alumnado de 2º e 6º de primaria dos CEIP de Oleiros e do Colexio Cristo Rey.
- O alumnado de 4º da ESO dos IES de Oleiros e do Colexio Cristo Rey.
- O alumnado de 1º de bacharelato dos IES de Oleiros e do Colexio Cristo Rey.



ACTIVIDADES

CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
6º infantil	Somos peóns. Somos viaxeiros. Parque móbil.	3 sesións de 50'
2º primaria	Somos peóns. Imos en coche. Viaxamos en autobús.	3 sesións de 50'
5º/6º primaria	As vías públicas e os diferentes tipos de sinais. A bicicleta. Medidas de auxilio en caso de accidente.	3 sesións de 50'
4º ESO	Seguridade viaria e o ciclomotor. Comportamento en caso de accidente.	2 sesións de 50'
1º bacharelato	A condución positiva.	1 sesión de 50'



3.2 Autoprotección

A autoprotección na poboación é fundamental para garantir a seguridade na vida diaria e desta forma intentar previr ou diminuír os riscos nunha situación de emerxencia que poida poñer en perigo a vida das persoas.

Con este programa o Servizo Municipal de Emerxencias e o Centro de Información Xuvenil, desexan achegar ata os rapaces e rapazas de Oleiros, por unha banda, o traballo do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Oleiros e por outra, informar ao alumnado das medidas de prevención e primeiros auxilios que hai que levar a cabo ante calquera situación de risco.

Obxectivos xerais:

- Informar sobre a protección individual ou colectiva e as medidas preventivas a levar a cabo antes de que ocorra o risco. Minimizar os riscos con medidas preventivas.
- Dar a coñecer o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Oleiros.

Destinatarios/as:

- O alumnado de 4º da ESO dos IES de Oleiros e do Colexio Cristo Rey.
- O alumnado de 1º de bacharelato dos IES de Oleiros e do Colexio Cristo Rey.



ACTIVIDADES

CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
4º ESO – 1º bacharelato	Autoprotección ante situacións de risco: <ul style="list-style-type: none"> ■ No fogar. ■ Na rúa. ■ Na praia. ■ Primeiros auxilios. 	Charla de 50'



4.1 IX Xornadas de Orientación Académica

Seguimos apostando un ano máis por esta actividade, xa que desde o Centro de Información Xuvenil pensamos que os obxectivos que nos marcamos para estas xornadas se van acadando.

As Xornadas de Orientación Académica non son só unha actividade do Concello senón que é unha actividade levada a cabo entre os centros educativos e sobre todo, os orientadores xa que sodes vós, os que deseñades ou programades, grazas ao coñecemento que tedes do voso alumnado.

A idea é a de facer as xornadas para o alumnado de 2º de bacharelato cunha duración dunha mañá e para 4º da ESO a duración sería de dúas horas. O programa e as datas quedan suxeitas a futuras propostas dos orientadores.

Obxectivos xerais:

- Informar e orientar o alumnado de secundaria e bacharelato da oferta de estudos, unha vez rematados os seus ciclos académicos: ciclos formativos, estudos universitarios, programas europeos, bolsas...

Destinatarios/as:

- O alumnado de 4º da ESO e 2º de bacharelato dos IES de Oleiros e do colexio Cristo Rey.



4.2 Oleiros coa Música

O obxectivo fundamental deste programa é o de achegar ao alumnado os diferentes estilos musicais, os distintos ritmos e sons. Por iso, o concerto didáctico que vos presentamos leva por título **“O desenvolvemento da música moderna nas diferentes épocas”**. Durante o concerto, mesturaranse as explicacións das características principais que definen cada un dos estilos musicais desde os anos 50 ata os nosos días, coa audición de temas musicais relevantes de cada época interpretados por un quinteto, formado por batería, baixo, guitarra, teclado e voz.

Obxectivos xerais:

- Coñecer diferentes estilos de música moderna que aparecen desde os anos 50 ata a actualidade: Blues, Rock and Roll, Pop, Soul, Hard Rock, Funk, Reagge...

Destinatarios/as:

- O alumnado dos IES de Oleiros e do colexio Cristo Rey.

Duración:

O concerto terá unha duración aproximada dunha hora.

Datas:

A data proposta é o 21 de decembro, suxeita a cambio para adaptarnos á vida diaria dos IES.

ACTIVIDADES

CURSO	CONTIDOS
IES	<ul style="list-style-type: none"> ■ A música moderna máis representativa desde os anos 50 ata a actualidade. ■ Evolución dos diferentes estilos musicais. ■ Evolución das posibilidades técnicas e sonoras dos instrumentos eléctricos propios desta linguaxe: a guitarra eléctrica e o baixo eléctrico.



5.1 Xuventude, programa de radio

En anos anteriores leváronse a cabo obradoiros de radio onde o índice de participación e de interese por parte dos rapaces e rapazas foi moi alto. Dado o interese dos participantes en desenvolver un programa de radio dirixido por eles e onde a protagonista sexa a mocidade de Oleiros, desde o Centro de Información Xuvenil apostamos pola creación dun grupo de rapaces e rapazas que empregando a radio municipal se faga oír.



Destinatarios/as:

- Alumnado de 3º da ESO ata 2º bacharelato dos IES de Oleiros.

METODOLOXÍA

- O programa de radio gravarase en horario de tarde na radio municipal, coa colaboración do persoal técnico desta.
- O programa terá unha duración de media hora e emitirse todas as semanas.

Obxectivos xerais:

- Promover a cidadanía activa dos rapaces e das rapazas, fomentando o asociacionismo xuvenil, o voluntariado e a mobilidade.
- Asesorar e dar acollida ás iniciativas xuvenís, colectivas ou asociadas e acompañar nos procesos da súa posta en marcha.
- Apoiar a formación, produción e expresión cultural dos rapaces e das rapazas, fomentando as súas posibilidades creativas.




6.1 Punto de Asesoramento para pais e nais, rapaces e rapazas

Os puntos de asesoramento teñen como obxecto ser un apoio ás familias do Concello para poder desenvolver axeitadamente as súas funcións educativas e socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social.

Obxectivos xerais:

- Orientar os pais e as nais do alumnado de Oleiros, desde primaria ata bacharelato, sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais ou momentos críticos en que se atopen os seus fillos.
- Orientar, asesorar, informar e prestar axuda ao alumnado do último ciclo de educación primaria ata bacharelato, sobre problemas derivados das características persoais ou momentos críticos nos que se atopen e que afectan á dinámica familiar, educativa e /ou comunitaria.



Destinatarios/as:

- Pais, nais, veciños, veciñas e mocidade de Oleiros.

METODOLOXÍA

- Intervencións individuais do asesor psico-pedagóxico cos pais e coas nais que soliciten o asesoramento, a través de cita previa.
- Intervencións individuais do asesor psico-pedagóxico cos alumnos e coas alumnas que soliciten o asesoramento, a través de cita previa.
- En caso de ser necesario levaríanse a cabo intervencións grupais cos pais e cos fillos que se atopen en situación de conflito.
- O asesor valorará a necesidade de realizar entrevistas e intervencións grupais co pai/nai, docente e demais persoas achegadas ao rapaz ou rapaza para axudar de forma individualizada as persoas demandantes.

ACCIÓN	CONTIDOS	DURACIÓN
PUNTO DE ASESORAMENTO PARA PAIS E NAIS	Entrevista inicial, cunha duración aproximada dunha hora. Diagnóstico do asunto a asesorar, realizándose na seguinte sesión.	Cada 15 días, 2 horas
PUNTO DE ASESORAMENTO PARA RAPACES E RPAZAS	Intervencións individuais para poñer en práctica as pautas elaboradas para a resolución do asunto que se está a tratar. Seguimento da evolución a curto e medio prazo do asunto diagnosticado.	Cada 15 días, 2 horas



6.2 Escola para pais e nais

Os programas de prevención para pais e nais teñen como fundamento recibir apoio á hora de entender o que rodea a mocidade e saber en que momento se atopan. Ademais, axúdanos a entender o que lles acontece a nivel persoal, social e formas de relacións sociais.

Un espazo de formación de pais e nais é un lugar de encontro para reflexionar en grupo sobre a tarefa educativa que se realiza cos fillos, de aí esta escola de pais e nais, coa que se pretende modificar os factores de risco e de protección do ámbito familiar para previr o abuso de drogas nos fillos, por medio da mellora das habilidades educativas dos pais, o fortalecemento dos vínculos familiares e clarificación da postura familiar con relación ao consumo de drogas. Unido a isto, obter ferramentas para enfrontarse a situacións inesperadas, complicadas e novas para os pais e as nais.

Obxectivos xerais:

- Estimular e implantar estratexias preventivas que inclúan actuacións informativas, formativas e de modificación de actitudes, comportamentos e factores de risco na poboación educativa.
- Dotar os pais e as nais de recursos e habilidades que posibiliten un crecemento integral dos fillos e do grupo familiar.

Destinatarios/as:

- Pais e nais de Oleiros.



METODOLOXÍA

ACCIÓN	CONTIDOS	DURACIÓN
ESCOLA PARA PAIS E NAIS	A importancia na prevención de drogas, a familia hoxe, a comunicación, as distintas etapas da vida e como afectan, as normas e límites, a nosa influencia nos fillos...	6 sesións de 2 horas

6.3 Desmárcate, programa de radio

A través de Radio Oleiros, poñemos en marcha un programa radiofónico co obxecto de que os pais, as nais e os veciños de Oleiros adquiren coñecementos e instrumentos que os capaciten para desenvolver actitudes preventivas cos seus fillos. O que se pretende é apoiar o labor de ser pai, resolver as súas dúbidas, axudalos a solucionar conflitos, ter unhas pautas para a atención e o desenvolvemento dos fillos,...

Os oíntes pódense dirixir ao programa telefonicamente para resolver as súas dúbidas que serán resoltas en tempo real.

Obxectivos xerais:

- Ser o punto de partida para unha reflexión, ofrecendo un instrumento aos pais e veciños nas tarefas de prevención.
- Estimular e implantar estratexias preventivas que inclúan actuacións informativas, formativas e de modificación de actitudes, comportamentos e factores de risco na poboación educativa.
- Resaltar a importancia de aproveitar os recursos de cada comunidade para traballar en prevención desde o marco comunitario, desenvolvendo plans de traballo conxunto con outras ONG e as administracións públicas.

Destinatarios/as:

- Veciños/as de Oleiros.



METODOLOXÍA

ACCIÓN	CONTIDOS	DURACIÓN
DESMÁRCATE, PROGRAMA DE RADIO	Ofrecer unha información útil, precisa e adaptada aos pais e ás nais sobre aspectos relacionados co uso de drogas. Así como o de dotalos de habilidades, estratexias e pautas que os axuden a contribuír á formación da persoa.	Xoves de 13:00 a 13:30 h



6.2 Centro de Lecer, Portaberta

O Centro de Lecer é un espazo onde a mocidade de Oleiros pode ir reunirse, levar a cabo unha serie de actividades programadas polos educadores do centro ou ben actividades propostas e organizadas por eles. Son eles os que deseñan e levan a cabo as súas ideas. En definitiva, existe unha autoxestión do centro.

Obxectivos xerais:

- Potenciar a integración de individuos e grupos sociais sexa cal sexa a súa condición física ou psíquica.
- Traballar vivencialmente aqueles valores humanos básicos para a convivencia e o desenvolvemento individual e colectivo. Encamiñando os rapaces e as rapazas cara a novas formas de relación, entendemento, resolución de conflitos...
- Motivar a participación dos rapaces e das rapazas na súa comunidade e na elaboración de actividades propias, favorecendo así a súa socialización.



Destinatarios/as:

- Rapaces e rapazas de Oleiros maiores de 12 e menores de 18 anos.

METODOLOXÍA

ACCIÓN	CONTIDOS	DURACIÓN
PORTABERTA	Ofertar unha serie de actividades semanais, mensuais e permanentes aos rapaces e ás rapazas. Así como deixar tempo para levar a cabo as súas ideas de programación, favorecendo a autoxestión do centro.	Martes - xoves de 17:30 a 20:30 h Venres - sábado de 17:30 a 22:30 h

6.5 Fabriarte

Fomentar e incentivar a participación e a creación artística é un dos nosos obxectivos. Con Fabriarte pretendemos abrir unha nova canle de dinamización dos rapaces e das rapazas onde a cultura e a arte son as protagonistas. Fabriarte pretende ser un punto de referencia de creación artística, onde se favoreza e incentive a creatividade da mocidade oleirense.

A través do fomento á creatividade, do apoio ás novas tendencias, ás novas canles de comunicación, estaremos a favorecer o crecemento dos rapaces, así como a súa implicación e a súa participación na vida cultural e social do noso concello.

Obxectivos xerais:

- Fomentar e incentivar a creatividade da mocidade, a través da creación de canles de expresión artística.

Destinatarios/as:

- Rapaces/as maiores de 14 anos ou colectivo de artistas.



METODOLOXÍA

ACCIÓN	CONTIDOS	DURACIÓN
FABRIARTE	Organización de exposicións, na entrada da Fábrica, de novos creadores	15 días cada exposición



PROGRAMAS DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS 2010-2011

- **1 Presentación (páx.28)**
 - Servizos
 - Automatización e informatización das bibliotecas. Catálogos dos fondos bibliográficos
- **2 Actividades de Promoción da lectura (páx.33)**
 - Encontros con escritores/as
 - Talleres de ilustración e banda deseñada
 - **“A lectura, esa gran viaxe”**. XX Campaña de promoción da lectura
 - Visitas guiadas á Biblioteca Central Rialeda
 - **“Mil primaveras máis”**. Homenaxe a Álvaro Cunqueiro no centenario do seu nacemento 1911 / 2011
 - **“Alma déixate estar”**. Contos de tradición oral
 - Celebración de datas conmemorativas:
 - Día Internacional da Muller Traballadora
 - Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil
 - Día do Libro
 - Día das Letras Galegas
 - Guías de lectura e recomendacións bibliográficas
 - Hora do conto, narración de contos e contacontos
 - Talleres de lectura e tertulias literarias
 - Ler para saber

● SISTEMA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS

M^a Luz Corral Uzal

Bibliotecaria municipal

m.corral@oleiros.org

Teléfono: 981 639 511


Fax: 981 639 996

O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros está formado por unha Biblioteca Central, situada en Perillo e sete bibliotecas auxiliares localizadas en Santa Cruz, onde está instalado o Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro, Oleiros, Mera, Dorneda, Nós, Lorbé e Montrove.

Posúen, en total, 463 postos de lectura en sala, un fondo bibliográfico duns 128.196 fondos bibliográficos, 6.125 documentos audiovisuais, 2.657 sonoros, 893 electrónicos, 325 títulos distintos de publicacións periódicas abertas e 36 ordenadores para consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e 13 impresoras para utilizar as persoas usuarias, para servir a unha poboación de 34.390 habitantes (datos do 19-10-2010), distribuída en nove parroquias.

Todas as bibliotecas teñen Wi-Fi, polo que as usuarias e os usuarios tamén poden utilizar os seus ordenadores portátiles e conectarse a Internet de forma gratuíta.

Se comparamos o número de habitantes do Concello co total de libros comprobamos que os 128.196 volumes equivalen a 3,7 libros por habitante, o que nos sitúa por riba da media de Galicia.





Biblioteca Central Rialeda

Creada no ano 1986, e trasladada no ano 1998 para o edificio Rialeda, catalogado como patrimonio histórico-artístico municipal. É de estilo modernista racionalista, construído polo arquitecto Rafael González Villar no ano 1912 e restaurado por alumnos/as da Escola Taller, entre os anos 1995-1998.

Consta duns 700 m², distribuídos en catro plantas e aula de actividades: no soto atópase o fondo bibliográfico de préstamo, na planta baixa o servizo de información e préstamo, o catálogo, a sala infantil e xuvenil e a hemeroteca, no 1º andar a sala de lectura e consulta de adultos e o fondo local e no 2º andar a sala da audiovisuais e informática.

- Posúe 172 postos de lectura, 46.770 libros, 4.433 documentos audiovisuais, 1.701 sonoros, 518 electrónicos, 168 títulos distintos de publicacións periódicas abertas, 6 periódicos e 12 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ Avda. Rosalía de Castro, 227 A
15172 Perillo

Teléfono: 981 639 511 - Fax: 981 639 996

m.corral@oleiros.org

biblioteca.rialeda@oleiros.org

Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro

A Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz consta duns 171 m². Debido a que está instalada na planta baixa do centro cultural, usa diversos espazos deste centro: o teatro que ten cabida para 130 espectadores/as e é onde se realizan os encontros con escritores/as, conferencias, etc. e unha sala anexa, duns 37 m², que se utiliza para realizar a actividade da Hora do conto, talleres de lectura e talleres de ilustración e banda deseñada.

- Posúe 78 postos de lectura, 21.154 libros, 394 documentos audiovisuais, 283 sonoros, 73 electrónicos, 95 títulos distintos de publicacións periódicas e 6 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ Centro cultural As Torres
Rúa Emilia Pardo Bazán, 17
Santa Cruz - 15179 Liáns

Teléfono: 981 626 338

biblioteca.santacruz@oleiros.org

Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado

- Posúe 45 postos de lectura, uns 14.468 libros, 450 documentos audiovisuais, 150 sonoros, 96 electrónicos, 65 títulos distintos de publicacións periódicas e 4 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ A Lagoa (Urb. Pía de Maianca) - Rúa Curros Enríquez, 44
15177 Mera - Teléfono: 981 628 50 - biblioteca.mera@oleiros.org

Biblioteca Pública Municipal Manuel María

- Consta duns 109 m² distribuídos en dúas plantas: unha para sala infantil e xuvenil e a outra para sala de adultos e hemeroteca, 44 postos de lectura, 9.962 libros, 134 documentos audiovisuais, 97 sonoros, 23 electrónicos, 30 títulos distintos de publicacións periódicas e 3 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-fi.



■ Rúa Camilo Díaz Baliño, 1
15173 Oleiros - Teléfono: 981 610 700
biblioteca.manuelmaria@oleiros.org

Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso

- Posúe 47 postos de lectura distribuídos en sala infantil, sala xuvenil, sala de adultos e hemeroteca, 9.705 libros, 213 documentos audiovisuais, 85 sonoros, 58 electrónicos, 58 títulos distintos de publicacións periódicas e 4 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ Parque Nicolás Redondo. Rialta - Arillo
15178 Dorneda - Teléfono: 981 626 638 - biblioteca.dorneda@oleiros.org



Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole

- Ten 30 postos de lectura, 9.230 libros, 317 documentos audiovisuais, 129 sonoros, 47 electrónicos, 46 títulos de publicacións periódicas e 2 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ Casa do Pobo. Praza da Liberdade, 1
15176 Nós - Teléfono. 981 664 257 - biblioteca.nos@oleiros.org

Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño

- Posúe 20 postos de lectura, 8.983 libros, 239 documentos audiovisuais, 107 sonoros, 36 electrónicos, 37 títulos distintos de publicacións periódicas e 2 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ Casa do Pobo. Rúa do Golfiño, 38 - Lorbé
15177 Dexo - Teléfono: 981 618 201 - biblioteca.lorbe@oleiros.org

Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca

- Posúe 27 postos de lectura, 7.924 libros, 309 documentos audiovisuais, 105 sonoros, 42 electrónicos, 50 títulos distintos de publicacións periódicas e 2 ordenadores para a consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras. Ten Wi-Fi.



■ Casa do Pobo. Avda. Rosalía de Castro, 56 - Montrove
15179 Liáns - Teléfono: 981 639 515 - biblioteca.montrove@oleiros.org



SERVIZOS:

O acceso é libre e gratuíto.

Nas salas de lectura todos os fondos están en acceso directo, polo que calquera persoa pode coller o libro que desexe para consultalo ou lelo dentro da biblioteca. Para levalo en préstamo deberá ser socio/a dalgunha das oito bibliotecas municipais, para isto só necesita cubrir un impreso e xa se lle realiza a tarxeta de lector/a. Desta forma pode levar prestados para a casa un máximo de 3 libros + 2 materiais audiovisuais (CD, DVD, CD-ROM etc.)

Os servizos que ofrecen son:

- 463 postos de lectura e consulta en sala.
- Información bibliográfica e de referencia.
- Servizo de Referencia, Xeral, Galicia, Infantil, Xuvenil e Local.
- Servizo de consulta en sala de:
Libros, materiais bibliográficos e publicacións periódicas.
Documentos audiovisuais. Documentos sonoros.
Documentos electrónicos.
- Consulta OPAC (Catálogo Compartido da Rede de Bibliotecas de Galicia).
- Préstamo a domicilio de libros, publicacións periódicas e materiais especiais (DVD, CD, CD-ROM, discos de ordenador...).
- Préstamo interbibliotecario.
- Préstamos colectivos a centros de ensino.
- Actividades de promoción da lectura e de extensión cultural.
- Hemeroteca.
- Formación de usuarios/as.
- Publicacións de guías de lectura, boletíns bibliográficos etc.
- Solicitudes de adquisicións e desideratas.
- Reprografía: 1 fotocopiadora de uso público (de pagamento por moedas) na Biblioteca Central Rialeda, en Perillo.
- 35 ordenadores para consulta pública e gratuíta con acceso a Internet, Microsoft Office, lector de CD-ROM, CD, DVD e impresoras.
- Wi-Fi
- Acceso á base de datos en liña.

Automatización e informatización das bibliotecas. Catálogo dos fondos bibliográficos

O catálogo dos fondos bibliográficos pode consultarse na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia:
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

A páxina web é a do propio Concello www.oleiros.org na que hai unha sección titulada **Bibliotecas municipais**. Nela poden consultar o catálogo ou informarse das distintas actividades e servizos.

Tamén poden visitar o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



Encontros con escritores/as

Descrición:

Encontros literarios con escritores e escritoras, para dar a coñecer e promover os nosos autores e autoras e as súas obras.

Obxectivos:

- Poñer en contacto ao lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo.
- Descubrir a forma de escribir dos distintos profesionais.
- Presentar e dar a coñecer distintas obras e autores/as.
- Animar á lectura das súas obras.

Datas:

Meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro.

Destinatarios/as:

Dependendo de cada autor/a e das obras lidas realizaranse encontros para as distintas idades tanto na Biblioteca Central Rialeda como no Centro Cultural As Torres de Santa Cruz (Biblioteca P. Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz) para o alumnado de primaria, ESO ou bacharelato dos centros de ensino que os soliciten, para as persoas integrantes dos talleres de lectura e para o público en xeral.



Talleres de ilustración e banda deseñada

Descrición:

Con esta actividade preténdese dar a coñecer diferentes ilustradores/as galegos/as.

Realizaranse talleres de ilustración ou de banda deseñada a través dos cales os nenos, as nenas e os adolescentes poidan coñecer os distintos tipos de ilustracións ou que aprendan os aspectos básicos do cómic.

Obxectivos:

- Aprender diferentes técnicas de ilustración e banda deseñada.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Promover a lectura de obras de banda deseñada.
- Que observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.

Datas:

Meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro.

Ilustradores/as:

Contrataranse ilustradores/as en función das programacións cos centros de ensino.

Destinatarios/as:

Realizaranse talleres na Biblioteca Central Rialeda e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro" de Santa Cruz para os cursos de primaria ou ESO que o soliciten.





“A LECTURA, ESA GRAN VIAXE”

XX Campaña de promoción da lectura nas Bibliotecas Públicas Municipais

O tema no que se vai basear a Campaña deste curso é “As viaxes”. Traballaranse libros de ficción, nos que as autoras e autores tratasen a temática das viaxes ou expedicións, pero tamén libros de relatos, poesía, folclore, lendas, historias e tradicións de diferentes países, que nos acheguen a outras sociedades e a diferentes culturas.



Descrición:

O gusto e o amor pola lectura non é innato, aínda que nesta se atopan condicións e medios de desenvolverse a persoa. A aprendizaxe do/a neno/a que non se sente inclinado a ela, esixe ás veces un verdadeiro esforzo, polo que os distintos entes educativos e culturais, como son neste caso as bibliotecas, debemos promover o gusto pola lectura, xa que se trata dun medio indispensable para adquirir cultura. Debemos traballar por espertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura dun bo libro, que os/as nenos/as e mozos/as vexan que tamén se poden divertir lendo, mostrar a diversidade que existe nos libros, onde se pode encontrar todo tipo de información, segundo os intereses e afeccións de cada individuo.

Emprendemos este curso unha nova Campaña de promoción da lectura co fin de que o alumnado dos centros de ensino público deste Concello adquiren gusto pola lectura e amor polos libros, así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no horario en que non permanecen nos respectivos centros de ensino.

Datas:

De febreiro a xuño e de outubro a decembro.

Obxectivos:

- Coñecer algunhas das bibliotecas do Concello de Oleiros.
- Potenciar a asistencia ás bibliotecas municipais, non só como lugar de estudo e consulta, senón tamén como centros de lectura lúdica.
- Espertar o gusto pola lectura, de forma que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bos momentos ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos.
- Achegarnos pola vía da animación aos sectores menos dados á lectura, a aqueles nenos/as, adolescentes e mozos/as que non senten ningún interese por esta.
- Favorecer procesos de creación e expresión oral e escrita.
- Fomentar unha lectura lúdica, crítica e reflexiva que os faga pensar e reflexionar como cidadáns/as máis libres e solidarios.
- Vivir o libro en colectividade, enriquecéndose cunha lectura activa e participativa.
- Promover a reflexión nos diferentes axentes educativos sobre a importancia da lectura como un enriquecemento individual e colectivo.
- Incidir na importancia dos libros de contos, narracións e historietas no desenvolvemento da imaxinación e creatividade dos nenos/as, adolescentes e mozos/as.

Lugares de realización:

- Biblioteca Central Rialeda en Perillo
- Biblioteca P. Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz
- Biblioteca P. Municipal Manuel María, en Oleiros

Monitorado:

Contratarase monitorado específico para cada actividade.

Destinatarios/as:

O alumnado dos centros de ensino público do Concello de Oleiros, desde os 2 anos de educación infantil ata 6º curso de ensinanza primaria.



ACTIVIDADES:

En función das necesidades e da programación de cada centro realizaranse actividades específicas para os distintos cursos que o soliciten:

- **Presentación da biblioteca e explicación do seu funcionamento.**
- **Contacontos e cancións.**
- **Narración ou dramatización de contos, a través dun enfoque lúdico e dunha vivencia activa cos libros.**
- **Contacontos da Compañía Trinke - Trinke**
- **Contacontos de Pablísimo**
- **Contos do mundo a cargo de Paula Carballeira**

“¡¡¡ Preparados listos XA!!! A volta ó mundo en menos dunha hora” a cargo de Artestudio Teatro, coa narración de Ramiro Neira e música de Manuel Clavijo (voz, guitarra e violín)

Concerto didáctico no que se mesturan cancións e contos infantís de todo o mundo.

Viaxe polos continentes con cancións e contos propios de cada continente: comézase cunha canción de presentación das Illas Hawai, partimos para Oceanía onde xogaremos coas cores, cos números e coas letras a través dunha canción de Nova Celandia, marcharemos para Asia onde deberemos resolver un misterio, nun abrir e pechar de ollos xa estaremos en Europa onde cantaremos tres cancións moi coñecidas, en África recibiremos un rei cantando unha canción que se escoita nas aulas de Kenia, para rematar en América.



Visitas á Biblioteca Central Rialeda

Descrición:

Con esta actividade preténdese ensinar a Biblioteca Central Rialeda, para que o alumnado a utilice fóra do seu horario escolar.

Obxectivos:

- Coñecer a Biblioteca Central Rialeda.
- Presentar a páxina web municipal e o blog das bibliotecas.
- Aprender a realizar buscas no catálogo.
- Fomentar o uso do libro e a lectura.

Destinatarios/as:

Realizaranse visitas para todo o alumnado que o soliciten dos diversos centros, pero recoméndanse preferentemente para alumnas/os de 5º e 6º de ensinanza primaria e 1º e 2º de ESO.

Datas:

Meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro.

ACTIVIDADES:

- **Presentación**
- **Explicación do funcionamento da biblioteca**
- **Páxina web e blog**
- **Como buscar libros a través do catálogo?**
- **Contacontos “Feirantes” a cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira**
- **Contacontos realizado a partir da adaptación dalgún relato da obra *Os outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro.**



“MIL PRIMAVERAS MÁIS”

Homenaxe a Álvaro Cunqueiro no centenario do seu nacemento 1911 / 2011

Descrición:

Con estas actividades preténdese realizar unha homenaxe ao ilustre escritor galego Álvaro Cunqueiro no centenario do seu nacemento 1911/2011.

A súa obra é unha das máis ricas e imaxinativas da literatura galega, con recreación de figuras e mitos e a incorporación de elementos populares e técnicas propias da oralidade, cun gran dominio da lingua galega e un estilo impecable.

Datas:

Meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro.



Obxectivos:

- Homenaxear ao insigne escritor Álvaro Cunqueiro.
- Fomentar a lectura das súas obras.
- Que coñezan algún dos seus relatos.

Destinatarios/as:

Alumnado de ensinanza primaria e ESO, que o soliciten desde os centros de ensino.

ACTIVIDADES:

“CEN ANOS DE MAXIA”: a cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza.

Realizará contacontos e diversas actividades baseadas na obra *Merlín e Familia* de Álvaro Cunqueiro.

Dispón de tres formatos:

- Un máis sinxelo para nenas e nenos menores de 8 anos.
- Outro para nenos/as de 8 a 12 anos.
- Un terceiro para adolescentes, no que presenta unha selección de contos, crónicas, textos gastronómicos e obras de teatro.

“FEIRANTES”: a cargo de Artestudio Teatro.

Contacontos nos que adaptan e interpretan relatos da obra de Álvaro Cunqueiro *Os outros feirantes*.

Dispoñen de dous formatos: un dirixido ao alumnado de 5º e 6º de primaria e outro para o alumnado de ESO.



“ALMA, DÉIXATE ESTAR”

Contos de tradición oral

Descrición:

Romeiros do alén, almanaque de encantos e contos de tradición oral.

Datas:

Meses de febreiro a xuño e de outubro a decembro.

Destinatarios/as:

Alumnado de ESO e bacharelato, que o soliciten desde os centros de ensino.

Obxectivos:

- Promover a lectura de libros de lendas, folclore, contos populares e de tradición oral de Galicia.
- Favorecer procesos de creación e expresión oral e escrita.
- Fomentar o uso do idioma galego.





Celebración de datas conmemorativas

- 8 de marzo, día Internacional da Muller Traballadora
- 2 de abril, día do libro Infantil e Xuvenil
- 23 de abril, día do Libro
- 17 de maio, día das Letras Galegas

■ Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo)

Descrición:

Conmemoración do Día Internacional da Muller Traballadora.

Destinatarios/as:

Nenas, nenos, adolescentes e adultos/as.

Datas:

Mes de marzo.

Actividades:

Obxectivos:

- Dar a coñecer o Día Internacional da Muller Traballadora e a súa importancia.
- Reflexionar sobre temas e libros relacionados coa muller.

- Realización de exposicións bibliográficas na Biblioteca Central Rialeda e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.
- Conferencias sobre temas relacionados coa muller.
- Encontros con autoras galegas.





■ Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril)

Descrición:

Conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Datas:

Semanas posteriores ao día 2 de abril.

Obxectivos:

- Presentar obras de Andersen.
- Presentar obras de autores/as que recibiron o Premio Andersen.
- Dar a coñecer autores/as e obras infantís e xuvenís, principalmente de literatura infantil e xuvenil galega.
- Promover a lectura entre os nenos, as nenas e adolescentes.
- Difundir libros infantís e xuvenís que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre autores/as e ilustradores/as infantís e xuvenís.

Destinatarios/as:

Nenas/os e adolescentes desde 2 a 16 anos.

Actividades:

- Exposición de obras de Andersen.
- Exposición de obras de autores/as que recibiran o Premio Andersen.
- Exposición de obras de literatura infantil e xuvenil de autoras/es galegos.
- Encontros con autoras/es galegos de literatura infantil e xuvenil.
- Realización de diversas actividades de animación á lectura relacionadas con obras de Andersen ou de autores/as que recibiran o Premio Andersen.
- Contacontos para nenas e nenos.





■ **Día do Libro** [23 de abril]

Descrición:

Conmemoración do Día do Libro.

Datas:

Mes de abril.

Destinatarios/as:

Adolescentes, mozos/as e adultos/as.

Obxectivos:

- Presentar obras de Cervantes.
- Dar a coñecer obras e escritores/as que recibiron o Premio Cervantes.
- Promover a lectura entre os adolescentes, mozos/as e adultos/as.
- Difundir obras de creación literaria que hai nas bibliotecas.
- Aumentar o coñecemento sobre diversos escritores/as.

ACTIVIDADES:

- Exposición de diversas edicións da obra de *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*.
- Exposición de obras de Cervantes.
- Exposición de obras de autores/as que recibiran o Premio Cervantes.
- Realización de diversas actividades de promoción da lectura:

"LAS INGENIOSAS DEL HIDALGO: El Quijote en voces de mujeres"

Descrición:

A actriz e contacontos Soledad Felloza relata neste espectáculo varios monólogos curtos nos que se dramatizan diferentes personaxes femininas da obra de Cervantes. Narra diversos capítulos de *El Quijote* nos que as mulleres teñen certo protagonismo:

Quiteria, que en plena voda con Camacho o rico, lembra o seu amor a Basilio, o pobre.

A pastora Marcela, na que destaca o seu discurso co que finalizaba as charlas cos seus namorados.

Claudia Jerónima Cervantes, na que está personalizada a liberdade da muller, con límites tan amplos nos que cabe un erro tan grave como a morte.

Datas:

Realizaranse actuacións nos meses de febreiro a abril.

Obxectivos:

- Promover a lectura do magnífico libro *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*.
- Difundir a obra de Miguel de Cervantes Saavedra.

Destinatarios/as:

Para alumnado de 1º e 2º de bacharelato dos institutos que o soliciten.



“UNHA VIAXE POLA LITERATURA LATINOAMERICANA”

Descrición:

A actriz e contacontos uruguaia Soledad Felloza realiza un espectáculo no que presenta poesías e relatos de escritoras e escritores latinoamericanos.

Desde Gabriel García Márquez, Eduardo Galeano, Gabriela Mistral, Jorge Amado, Mario Benedetti e Julio Cortázar ata Mario Vargas Llosa.

Datas:

Realizaranse actuacións nos meses de febreiro a abril.

Obxectivos:

- Promover a lectura.
- Difundir a obra de escritoras e escritores latinoamericanos.

Destinatarios/as:

Para o alumnado de ESO e bacharelato dos institutos que o soliciten.



“DEIXA UN BICO NO ESPELLO”

■ Día das Letras Galegas (17 de maio)

Escritor homenaxeado no ano 2011:

Lois Pereiro

Descrición:

Conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado no ano 2011 a Lois Pereiro.

Datas:

Abril e maio.



Destinatarios/as:

Nenos/as, adolescentes, mozos/as e adultos/as.

Obxectivos:

- Difusión das letras e cultura galegas.
- Dar a coñecer a figura e as obras de Lois Pereiro.
- Lembrar obras e escritores/as aos que se lles dedícase o Día das Letras Galegas.
- Aumentar o coñecemento sobre diversos/as escritores/as galegos/as.
- Promover a lectura de libros galegos.

ACTIVIDADES:

- Exposición de fondos bibliográficos de ou sobre Lois Pereiro.
- Paneis informativos sobre a vida e a obra do homenaxeado.
- Exposición de obras de autores/as aos que se lles dedícase o Día das Letras Galegas.
- Realización de diversas actividades de promoción da lectura relacionadas coas Letras Galegas:

- Xoves, 28 de abril, ás 11.00 horas:

Conferencia sobre Lois Pereiro a cargo de Xosé Manuel Pereiro, irmán do homenaxeado, xornalista e decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Concerto de poemas de Lois Pereiro musicados polo cantautor arxentino Manu Clavijo (voz, guitarra e violín).



Guías de lectura e recomendacións bibliográficas

Descrición:

Recomendacións de obras pola súa calidade literaria, artística ou científica, infantís, xuvenís e de adultos.

Relacións e recomendacións de libros por idades, temas ou contidos para difundir a súa lectura e tamén para suxerir como un bo agasallo. Descrición, fundamentalmente de libros, pero tamén de publicacións periódicas e doutros materiais (DVD, CD etc.), que nuns casos se ofrecen ás persoas usuarias como recomendacións e noutros como orientación sobre a vida e obras dun autor/a ou sobre un tema determinado.

Obxectivos:


- Recomendar libros de calidade literaria, artística ou científica para a súa lectura.
- Recordar que un libro tamén é un bo agasallo.
- Dar a coñecer as obras que hai nas bibliotecas municipais sobre un autor, autora ou tema determinado.

Datas:

- Mes de decembro: recomendación de libros para ler ou agasallar polo Nadal ou Reis.
- Mes de xuño: recomendación de lecturas para o verán.

Destinatarios/as:

Todas as idades.



Hora do Conto, narracións de contos e contacontos

Descrición:

Actividade que se realiza en todas as bibliotecas municipais, para nenas e nenos menores de 10 anos, a través da narración ou dramatización dun ou varios contos, cun enfoque lúdico e cunha vivencia activa e participativa cos libros.

É unha actividade que se desenvolve ano tras ano, como consecuencia do seu recoñecido valor lúdico e educativo, que reside, fundamentalmente, no incentivo á lectura dos máis pequenos. Ademais, as sesións dos contacontos teñen o valor engadido de que inciden no poder da imaxinación e na importancia da tolerancia nas relacións persoais.

Tomando como punto de partida a narración de contos e historias, a poesía, a relación pracenteira cos libros, o xogo coas personaxes de ficción, resáltase o valor da palabra xunto coa articulación de diferentes disciplinas artísticas: a plástica, a música, a expresión corporal, tendo en conta que en todas as historias aparece un mundo de imaxes, un mundo sonoro e un mundo de xestos e accións.

Para a nena e o neno pequeno a palabra oída exerce unha gran fascinación. O conto ou a poesía incorporan vivencialmente neles unha cultura que lle pertence, fano partícipe dunha creación colectiva e outórganlle signos de identidade. O libro oído, visto, tocado, como lectura compartida con outras nenas e nenos, axudaralle no seu contacto coa letra impresa, motivando unha lectura gozosa.

A Hora do Conto
nas Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros

"O libro, lugar onde dormen as historias que están esperando ser esperadas pelas futuras lectoras e lectores".

- As contadoras e contadores Pablísimo, Soledad Falloza, Fran Insua, Inés Cuadrado, Ramiro, Cavoto e a Compañía Trinke-Trinke cos "Ratos da biblioteca" narrarán diversos contos, como unha invitación a viaxar a un tempo máxico de fantasía e imaxinación.
- Todos os actos terán lugar ás 18:30 h Os días festivos non haberá actuacións.
- A actividade está dirixida a nenas e nenos menores de 10 anos

■ BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "MANUEL MARÍA", OLEIROS
Outubro: o martes, día 19
Novembro: os martes, días 2, 16 e 30

■ BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "Mª JOSÉ TRINCADO", MERA
Outubro: o venres, día 22
Novembro: os venres, días 5 e 19
Decembro: o venres, día 3

■ BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "ROSA LIA DE CASTRO", SANTA CRUZ
Outubro: os mércores, días 20 e 27
Novembro: os mércores, días 3, 10, 17 e 24
Decembro: o mércores, día 1

■ BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "FEDERICO GARCÍA LÓRCA", MONTRÓVE
Outubro: o martes, día 26
Novembro: os martes, días 9 e 23

■ BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL "XOGRAR MENÉNDEZ", LORBE
Outubro: o mércores, día 27
Novembro: os mércores, días 10 e 24
Decembro: o mércores, día 1

Estas actividades de animación á lectura realizaranse de forma lúdica, activa e participativa, fomentando a imaxinación e a creatividade.

■ Biblioteca Central Rialeada: 981 639 511
■ Teléfono do Vocablo: 981 810 000

CATÁLOGO DO FONDO PUBLICITARIO
http://biblog.república.org/oleiros

Visita o noso Blog:
http://bibliotecasoleiros.blogspot.com

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
TOMO 2

Concello de Oleiros
ORDENANZA MUNICIPAL DE CULTURA
www.oleiros.org

Pretendemos introducir os nenos e as nenas no mundo dos libros a través dunha lectura que poidan comprender, que os faga gozar e divertirse, pero ao mesmo tempo que lles permita reflexionar, educando o seu sentido crítico a través dunha lectura recreativa que contribúa ao desenvolvemento da súa personalidade e o prepare para a vida.

**Obxectivos:**

- Que a nena ou neno non lector (ou pouco lector) descubra o libro e desenvolver nel o pracer de ler.
- Que a nena ou neno lector afiance o gusto e pracer pola lectura.
- Axudar a pasar da lectura pasiva á lectura activa.
- Axudar a descubrir a diversidade dos libros.

** Comprender, gozar e reflexionar son os tres principais obxectivos en que se vai basear esta actividade.*

Destinatarios/as:

Dirixida a nenas e nenos de 3 a 10 anos.

Datas:

Preténdese que, como máximo, dure uns 45 minutos de cada vez, para que as nenas e nenos máis pequenos non se cansen, dependendo do tamaño e duración de cada conto.

Levarase a cabo en todas as bibliotecas municipais. A realización é periodicamente durante todo o ano, dependendo do tamaño e do número de usuarios/as de cada biblioteca municipal. Realízase de febreiro ata finais de maio e de outubro a principios de decembro, diferentes días, segundo cada biblioteca, pero sempre ás 18.30 horas.



Talleres de Lectura e Tertulias Literarias

Descrición:

Consiste no comentario dun libro, fundamentalmente de xénero narrativo, pero tamén se procura ler teatro, poesía e ensaio. Este libro é facilitado, previamente, pola biblioteca ás persoas participantes para que o lean. Dependendo de como sexa o libro coméntase o argumento, recursos literarios, tema que trata ou con que está relacionado, etc. Unha monitora e o persoal da biblioteca dirixen a actividade e facilitan material complementario (artigos de prensa, entrevistas, películas, bibliografías, etc.) para o seu desenvolvemento.

Pode complementarse a actividade cun encontro con algún escritor, algunha escritora ou algunha persoa especialista do tema que trate o libro.

O número máximo de participantes en cada sesión é de 20 persoas, debido a que hai que ter un libro para cada participante e non se mercan máis de 20 exemplares de cada título.

Xustificación:

É unha actividade totalmente libre, na que poden participar persoas mozas e adultas, onde se len ou comentan libros de diferentes autores/as.

Pretendemos animar a ler, gozar da literatura, como un desenvolvemento da capacidade de entender, valorar e gozar da creación literaria a través da lectura, de forma que compartindo ideas, reflexionando sobre temas diversos, analizando a propia visión do mundo, poidamos enriquecernos co punto de vista dos demais.

Preténdese ir descubrindo a forma de escribir de cada autor e autora, os distintos estilos, o tipo de linguaxe que utiliza, etc. Intentaremos aproximarnos ás diversas obras elixidas a través de diferentes niveis: estético, afectivo, intelectual, etc. e analizar os textos escritos, os procedementos e características máis importantes de cada obra.





Obxectivos:


- Promover a lectura e o uso da biblioteca, destacando que esta non só ofrece servizos ao estudiantado, senón tamén a toda a poboación.
- Animar a ler, gozar da literatura, como un desenvolvemento da capacidade de entender valorar e gozar da creación literaria.
- Descubrir a forma de escribir de cada autor e autora, os distintos estilos, o tipo de linguaxe que utiliza, etc.
- Aproximarse ás diversas obras elixidas a través de diferentes niveis: estético, afectivo, intelectual, etc.
- Analizar os textos escritos, os procedementos e as características de cada obra.

Lugares de realización:

- Biblioteca Central Rialeda (Perillo)
- Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.

Destinatarios/as:

Mozos/as e adultos/as.



Grupos e temporalización:

Na Biblioteca Central Rialeda (Perillo) hai dous grupos, de 20 persoas cada un, polo que as sesións son quincenais, os mércores (non festivos), ás 17.30 h (cunha duración de dúas horas).

Na Biblioteca Pública Municipal e no Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz as sesións tamén son quincenais, os luns, ás 18.30 horas (cunha duración dunha hora e trinta minutos).

Comeza a principios de outubro e non se paraliza ata mediados de xuño do ano seguinte, que hai un descanso polas vacacións estivais.

Ler para saber

Descrición:

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral.

Son charlas divulgativas que permiten concretar conceptos e ideas básicas e solucionar dúbidas a todas aquelas persoas que desexen compartir a curiosidade e o interese polos temas da ciencia.

Obxectivos:

- Achegar a ciencia aos nenos/as, adolescentes e público en xeral.
- Ampliar o coñecemento de diversos temas científicos de importancia na vida diaria.
- Fomentar o coñecemento específico dunha materia determinada.
- Dinamizar os fondos bibliográficos de coñecementos.
- Promover a lectura de libros e a visión de audiovisuais relacionados coa temática das diferentes charlas.
- Atraer á biblioteca un público interesado por estes temas.

Temporalización e realización:

Realízase na Biblioteca Central Rialeda, principalmente nos meses de febreiro ata finais de maio, os venres ás 18.30 horas. Comeza a principios de outubro e non se paraliza ata mediados de xuño do ano seguinte, que hai un descanso polas vacacións estivais.

Destinatarios/as:

Nenas e nenos a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral.





ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2010-2011

- 1 **Limiar** (páx.52)
- 2 **Actividades de dinamización lingüística** (páx.53)
 - Diseñar unha carta aos Reis Magos
 - Contos con Arte: Luís Seoane
 - Camiño de historias
 - Coñece a Rosalía de Castro
 - O falar non ten cancelas
 - A saúde da lingua
 - En galego, por que non?
 - Actuación das Letras Galegas
 - Correlingua

● **SERVIZO DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Lucía Filloy López

Técnica de normalización lingüística

l.filloy@oleiros.org

Concello de Oleiros - Praza de Galicia, 1

15173 Oleiros

Teléfono: 981 610 000 Ext.: 1231

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros creouse co obxectivo principal de axudar a normalizar o uso da lingua galega en todos os rexistros e situacións. Por iso, tamén é preciso actuar nos centros de ensino coa elaboración de diferentes actividades que acheguen unha actitude positiva cara ao galego e desboten prexuízos lingüísticos.

Estas actividades complementarias que se presentan son unha interesante programación para os centros de ensino, onde a través do humor e da diversión o estudiantado aprende, á vez que emprega a lingua e reflexiona sobre a situación sociolingüística. Estas actividades están orientadas para uns cursos determinados, mais se o centro quixer, pódense facer cambios se o profesorado así o estima.

Así mesmo, o Servizo ofrécese a colaborar tamén cos equipos de dinamización lingüística dos centros, para conseguir a normalización da lingua e darlle prestixio social ao galego.





Deseñar unha carta aos Reis Magos

Coa colaboración dos centros de ensino cada clase de sexto de infantil, primeiro e segundo de primaria deseñará unha carta aos Reis Magos, integramente en galego. Das cartas reunidas escollerase unha que será valorada atendendo á presentación, á orixinalidade e ao emprego correcto do galego. A carta gañadora imprimirase para todos os nenos e as nenas do Concello.

Obxectivos:

- Implicar os nenos e as nenas na normalización lingüística.
- Promover que os nenos e as nenas escriban en galego.
- Fomentar o uso da lingua na época do Nadal.

Metodoloxía:

O alumnado terá que deseñar unha carta dos Reis Magos en galego, polo que se involucrará no proceso de normalización. Por outra banda, esta carta chegará aos nenos e ás nenas que desexen escribir unha carta aos Reis Magos.

Destinatarios/as:

Para o deseño o alumnado de sexto de infantil, primeiro e segundo de primaria dos centros de ensino de Oleiros. As cartas, unha vez impresas, levaranse aos centros de ensino, ás escolas infantís e colexios, así como ás bibliotecas para todos os nenos e as nenas de Oleiros.

Queridos Reis Magos:





Contos con Arte: Luís Seoane

No Concello de Oleiros temos tanto un parque, como un colexio, dedicado ao autor Luís Seoane, por iso é necesario dar a coñecer a súa vida e obra aos nenos e ás nenas oleirenses. E o mellor xeito de facelo é a través dos contos de Pablísimo, nos que os personaxes das pinturas de Seoane saen do lenzo para se converter en protagonistas de fascinantes historias que falan do mar, de cores e liñas que se perseguen polo lenzo e de moitas outras aventuras.



Obxectivos:

- Dar a coñecer a figura de Luís Seoane.
- Animar á lectura dos autores e das autoras galegas.
- Promover o uso da lingua entre os nenos e as nenas.

Contidos:

A vida e a obra de Luís Seoane.

Metodoloxía:

A través de pinturas de Luís Seoane, Pablísimo vai relatando contos que nos achegan o autor.



Destinatarios/as:

Esta actividade está orientada para os nenos e as nenas de primeiro e segundo de primaria.

Temporalización:

Este espectáculo está programado para dar a coñecer a Luís Seoane, polo que a súa representación podería ser neste ano 2010, por tratarse do seu centenario, ou cando o centro quixer.

A duración do espectáculo é de cincuenta minutos.



Camiño de historias

Este espectáculo de Migallas Teatro está constituído por varias historias de tradición oral, procedentes de distintos continentes e enlazadas mediante cancións e ditos populares, co fin de difundir a literatura popular infantil de Galicia.

O feito de seren historias tradicionais non quere dicir que se afasten dos nenos e das nenas de hoxe en día, pois os contidos que se tratan son actuais: o ciclo da vida, o valor da humildade e da honradez, o afán de posuír xoguetes, a importancia da música e da festa, o consentimento por parte dos pais e das nais ante os caprichos...

Obxectivos:

- Promover o uso da lingua entre os nenos e as nenas.
- Dar a coñecer a literatura popular infantil de Galicia.
- Crear unha actitude positiva cara ao galego.

Contidos:

A literatura popular infantil onde a través de temas como a humildade, a honradez e o egoísmo o alumnado poderá obter ensinanzas básicas para a vida.

Metodoloxía:

Migallas Teatro realiza un espectáculo onde se relatan contos, hai teatro de monicreques e se interpretan cancións tradicionais galegas.



Destinatarios/as:

Esta representación está orientada para os nenos e as nenas de terceiro, cuarto e quinto de primaria.

Temporalización:

Este espectáculo está orientado a complementar as actividades das letras galegas, polo que a súa representación podería ser no mes de maio ou antes, se o centro quixer.

A duración do espectáculo é dunha hora.



Coñece a Rosalía de Castro

Rosalía de Castro é, sen dúbida, unha das escritoras máis importantes e relevantes da literatura galega, por iso para dar a coñecer a súa obra propomos esta actividade complementaria.

A empresa Createe consegue sacar a Rosalía dos libros para levarnos a un mundo cheo de palabras e poesía a través de xogos de creación literaria. Coñece a Rosalía que ri, que xoga e que canta a Galicia. Nesta actividade, a empresa facilita un caderno didáctico.

Obxectivos:

- Dar a coñecer a literatura galega e en particular, a figura de Rosalía de Castro.
- Crear unha actitude positiva cara ao galego.
- Animar á lectura dos autores e das autoras galegas.
- Promover o uso da lingua entre os nenos e as nenas.

Contidos:

A obra de Rosalía de Castro.

Metodoloxía:

Createe ensínanos a figura de Rosalía de Castro a través de xogos de creación literaria.

Destinatarios/as:

O recital está orientado para os nenos e as nenas de sexto de primaria e primeiro da ESO.



Temporalización:

Este espectáculo está programado para complementar as actividades das letras galegas, polo que a súa representación podería ser no mes de maio ou antes, se o centro quixer.

A duración do espectáculo é dunha hora.



O falar non ten cancelas

Reverso Servizos Lingüísticos ofrece unha actividade nos centros de ensino, onde cada grupo traballará a situación da lingua desde unha perspectiva lúdica e chea de exemplos. A empresa achega material específico para traballar con el en cada sesión.

Obxectivos:

- Practicar o discurso oral en galego nun contexto lúdico e educativo.
- Entrar en contacto co concepto de comunicación.
- Coñecer os conceptos de prexuízo e estereotipo.
- Analizar os elementos máis importantes da comunicación.

Contidos:

- O boneco sen corpo.
- Dime como es.
- O conto de nunca acabar.

Metodoloxía:

A idea da actividade é que se adquiren todos os coñecementos a través dunha metodoloxía totalmente práctica en que o alumnado é o protagonista.

Destinatarios/as:

Esta actividade está orientada para o alumnado de segundo da ESO.

Temporalización:

A duración son dúas horas por grupo, pode ser nunha sesión de dúas horas ou dúas sesións dunha hora cada unha.





A saúde da lingua

Manicómicos representa esta obra de teatro foro no salón de actos de cada instituto. Este tipo de obra é teatro do oprimido, un tipo de teatro que naceu no Brasil, co que se pretendía facer partícipe ao público, como parte integrante da opresión. Dentro do teatro do oprimido destaca o teatro foro, onde intervén o público, *A saúde da lingua* pertence a este tipo de teatro.

Síntese:

Unha rapaza vai ao médico e como fala en galego a médica non a quere atender, a rapaza protesta e finalmente non a atende. O moderador, o Curinga, formula se é unha situación de opresión, así que a partir de que o público di que si, comeza a participación do alumnado que leva a unha reflexión conxunta.

Obxectivos:

- Mostrar a situación lingüística de Galicia e facer partícipe o alumnado.
- Crear unha actitude positiva cara ao galego.
- Reflexionar sobre a situación da lingua.

Contidos:

A situación sociolingüística do galego.

Metodoloxía:

A través da representación da obra que mostrará unha situación de discriminación lingüística, o alumnado vai ser partícipe a través da súa reflexión sobre o uso e as actitudes da lingua.

Destinatarios/as:

Esta charla está orientada para o alumnado de terceiro e cuarto da ESO.

Temporalización:

Esta obra pode ser representada no mes de maio ou antes, se o centro quixer.

A súa duración é de 1.15 horas.





En galego, por que non?

Manuel Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, impartirá a charla “En galego, por que non?” nos institutos que o desexen. Este relatorio, que está baseado no seu libro tamén titulado *En galego, por que non?*, levará á reflexión sobre as actitudes do alumnado fronte á lingua e a partir de exemplos iranse derrubando os prexuízos lingüísticos que o estudiantado poida ter.



Obxectivos:

- Reflexionar sobre a situación lingüística.
- Desbotar prexuízos lingüísticos.
- Crear unha actitude positiva cara ao galego.

Destinatarios/as:

Esta charla está orientada para o alumnado de bacharelato.

Contidos:

A charla está baseada no libro *En galego, por que non?*, onde a través de exemplos se desbotan prexuízos lingüísticos e leva á reflexión dos usos e actitudes cara á lingua.

Temporalización:

Este relatorio pode impartirse ao redor do 21 de febreiro, Día Internacional da Lingua Materna ou cando o centro quixer.

A súa duración é de 1.15 horas.

Metodoloxía:

Manuel Núñez Singala fai un relatorio ameno e participativo que leva á reflexión dos alumnos e das alumnas. Esta actividade pode complementarse na clase coa lectura do libro.





Actuación das Letras Galegas

Ao redor do día 17 de maio, haberá un espectáculo para promover e fomentar o uso da lingua e para complementar as actividades do Día das Letras Galegas nos institutos de Oleiros. Esta actuación que está orientada aos institutos do municipio estará adaptada ao alumnado, xa que será un espectáculo áxil, dinámico e fresco.

Obxectivos:

- Valorar a importancia do Día das Letras Galegas.
- Reflexionar sobre a situación sociolingüística de Galicia.
- Crear unha actitude positiva cara ao galego.
- Promover o uso da lingua.

Destinatarios/as:

Esta obra está orientada para o alumnado dos institutos de Oleiros. O profesorado dos institutos decidirá que cursos serán os que asistan.

Metodoloxía:

Con esta actuación intentarase crear os obxectivos marcados a través da adaptación do espectáculo para o alumnado.

Temporalización:

Esta obra terá lugar no mes de maio.

Correlingua

Correlingua é a denominación que adoptaron de maneira común a partir de 2001 as diversas carreiras en prol do idioma que se convocaron no país. É unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade e os centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén a exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

Desde o Concello queremos promover a participación do alumnado oleirense nesta actividade, polo que poñemos a disposición dos centros o servizo gratuito de autobuses para ir ao Correlingua da Coruña para os cursos que queiran participar.

Destinatarios/as:

O Correlingua está orientado para todos os cursos de primaria e secundaria.

Temporalización:

O 4 de maio de 2011.



ACTIVIDADE	CURSOS
Deseñar unha carta aos Reis Magos	6º de infantil, 1º e 2º de primaria
Contos con Arte: Luís Seoane	1º e 2º de primaria
Camiño de historias	3º, 4º e 5º de primaria
Coñece a Rosalía de Castro	6º de primaria e 1º da ESO
O falar non ten cancelas	2º da ESO
A saúde da lingua	3º e 4º da ESO
En galego, por que non?	1º e 2º de bacharelato
Actuación das Letras Galegas	IES de Oleiros
Correlingua	Primaria e secundaria





PROGRAMA DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS 2010-2011



- **Limiar** (páx.64)
- **1 Aprendemos na Natureza** (páx.66)
- **2 Coñecer Oleiros / Contorna Oleiros** (páx.69)
- **3 Un Día en Galicia** (páx.76)
- **4 Hortas escolares** (páx.79)
- **5 XI Concertos Didácticos da Escola Municipal de Música** (páx.81)
- **6 II Espectáculo de Danza para Escolares: “O Teatro Musical”**(páx.82)
- **7 Actividades extraescolares infantís na EI O Vilar** (páx.83)

● SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN

Anxo Barreiros de la Torre
Pedagogo municipal
Teléfono: 981 610 000, ext.:3136
a.barreiros@oleiros.org

Jerónimo Díez Domínguez
Coordinador de programas educativos
Teléfono: 981 610 000, ext.: 3139
j.diez@oleiros.org

No Servizo Municipal de Educación, estamos permanentemente en contacto no correo: ensino@oleiros.org

Continuamos comprometidos desde o Servizo Municipal de Educación, cun proceso de aprendizaxe en valores que inclúa experiencias vitais en contacto directo co medio natural. É unha satisfacción enorme descubrir como unha xeración de participantes en programas educativos como os que vos presentamos, anima hoxe os seus fillos a seguir divertíndose con actividades que lles traen lembranzas cargadas de emotividade.

Algúns deses “vellos” participantes son hoxe educadores ambientais, mestres, defensores do medio natural e amantes dun patrimonio ambiental espectacular, achegando así a súa experiencia á educación dos nosos nenos e nenas.

Os programas educativos descritos a continuación, pretenden axudar a construír unha sociedade que participe activamente no proceso colectivo de interpretación do medio onde se desenvolven as nosas vidas. Cada un destes programas educativos levan implícitos un proceso de educación en valores a través de experiencias positivas, para que o neno e a nena participen nunha sociedade máis xusta.

Calquera acción educativa como consecuencia do desenvolvemento dos programas que a continuación se describen teñen presentes os seguintes eixos:

- Promover a educación ambiental, a conservación e a protección do medio.
- Difundir a cultura das artes escénicas, musicais e dancísticas entre a comunidade escolar.
- Fomentar o respecto entre culturas, poñendo de relevancia as súas manifestacións.
- Potenciar a práctica de hábitos de vida saudables, promovendo o consumo respectuoso co contorno.
- Favorecer as relacións persoais en igualdade de condicións.
- Educar para a paz, a liberdade, a convivencia e a non-violencia.
- Promover a autonomía persoal e o espírito crítico.
- Estimular a cooperación e a participación espontánea.
- Crear espazos lúdicos que favorezan a aprendizaxe.
- Recuperar as manifestacións culturais e a identidade propia.
- Usar a lingua galega como vehículo de recoñecemento da nosa identidade e ponte intercultural.





Ao longo destes anos fixéronse posibles moitos momentos educativos irrepitibles, que dan sentido a todo o esforzo previo.

Por suposto que estes momentos foron posibles en grande medida, grazas a vós, mestres e mestras que participades con ilusión nos programas desenvoltos ao longo dos anos.

Grazas tamén a todos os educadores e educadoras que achegaron o seu esforzo e a súa enerxía durante todo este tempo, para crear un mundo mellor para os nosos pequenos e pequenas.

Seguimos na procura de momentos coma eses.

A todos vós, moitas grazas.





1. Aprendemos na Natureza

Non existe mellor aula de aprendizaxe, que o propio medio natural onde desenvolvemos as nosas vidas. Estamos xa nos dezasete anos de experiencias únicas, de aprendizaxes en directo desde o medio natural e cultural cos centros do ensino público de Oleiros. Desde o inicio do programa ata hoxe xa foron moitos os destinos elixidos e os alumnos e alumnas participantes cos seus respectivos mestres e mestras a zonas do país cun alto interese natural, histórico - artístico, xeográfico, económico ou etnográfico, e algunha zona a cabalo entre Galicia e Asturias ou León.

Obxectivos:

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co medio natural.
- Fomentar a autonomía e o desenvolvemento persoal, fóra do ámbito familiar e escolar.

Actividades:

As peculiaridades de cada zona fan moi recomendable a realización de rutas para o gozo e o estudo da contorna.

Realizaranse xogos de simulación e descuberta ambiental para a mellor comprensión das características de cada zona.

Obradoiros de natureza, visitas de interese e dinámicas de grupo.

Destinatarios/as:

O alumnado de educación primaria dos colexios públicos de Oleiros.

O profesorado dos niveis participantes.

Monitoraxe:

Ademais dos profesores que a normativa obriga, as excursións estarán guiadas por educadores e educadoras profesionais, con ampla experiencia.

Solicitud de excursión:

Como norma xeral, **cada colexio poderá escoller dúas excursións como máximo** a calquera dos destinos máis abaixo sinalados. Para iso deberá cubrir a **ficha de solicitude de actividades municipais**.





Os destinos dos “**Aprendemos na Natureza**” deste curso escolar concrétanse nas seguintes excursións:

RECOMENDADAS PARA 1º E 2º CICLO DE EP

Fragas do Eume

Aloxamento: albergue de Alvarella, no Concello de Vilarmaior

Actividades: turismo cultural, obradoiros, horto ecolóxico, sendeirismo, enerxías renovables etc.

Datas: maio

Duración: dous días cunha noite en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo da EP

Prazas: 35-40, incluído o profesorado acompañante

Granxa Escola de Barreiros

Aloxamento: granxa de Barreiros, no Concello de Sarria, Lugo

Descrición: Moi preto deste concello lugués atópase este histórico centro educativo, que nace da pedagogía agraria do país da man de Antonio Fernández López aló polos anos 40. Esta instalación dispón de albergue, cociña, comedor, sala de usos múltiples, granxa, horta ecolóxica, obradoiros de papel, conservas, cociña, rutas e visitas ao contorno: Sarria, Samos etc.

Actividades: observación da contorna, coñecemento e coidado dos animais da granxa, obradoiros e artesanía, horto ecolóxico, sendeirismo etc.

Datas: a concretar cos centros participantes

Duración: dous días cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo da EP

Prazas: 35-40, incluído o profesorado acompañante

Casa do Queixo

Aloxamento: albergue nas propias instalacións, no Concello de Sobrado dos Monxes, A Coruña

Actividades: observación da contorna, coñecemento e coidado dos animais do zoo doméstico, obradoiros de transformación do queixo e artesanía, actividades da horta ecolóxica, animación, sendeirismo, etc.

Datas: abril

Duración: dous días cunha noite, en tempo lectivo, para os grupos do 1º ou 2º ciclo da EP

Prazas: 35-40, incluído o profesorado acompañante





RECOMENDADAS PARA 3º CICLO DA EP

Serra do Courel

Aloxamento: bungalows no campamento do Courel, no Concello de Folgoso do Courel

Datas: a concretar cos colexios participantes

Duración: tres días con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo da EP

Prazas: 35, incluído o profesorado acompañante

Os Ancares leoneses

Aloxamento: albergue de Burbia

Actividades: educación ambiental, xogos de interpretación, sendeirismo, obradoiros etnográficos, etc.

Datas: a concretar coas aulas

Duración: tres días con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo da EP

Prazas: 35, incluído o profesorado acompañante

Mar de Lira

Aloxamento : albergue en Lira, Casa Pila

Actividades: educación ambiental, xogos de interpretación, sendeirismo, obradoiros de pesca etc.

Datas: a concretar coas aulas

Duración: 3 días en tempo lectivo

Duración: tres días con dúas noites, en tempo lectivo, para os grupos do 3º ciclo da EP

Prazas: 25, incluído o profesorado acompañante

As Corcerizas

Aloxamento: Albergue As Corcerizas, no Concello de Vilar de Barrio

Descrición: Centro de educación ambiental na Serra de San Mamede que dispón de aulas, albergue, comedor e a casa das enerxías renovables. Todas as instalacións están construídas con criterios bioclimáticos, aliméntanse de enerxías renovables e o servizo de comedor ofrece alimentos sans e ecolóxicos da zona.

Datas: a concretar coas aulas

Duración: tres días con dúas noites, en tempo lectivo

Prazas: 35, incluído o profesorado acompañante

Calendarización:

Planificación - preparación	Desenvolvemento
Reunión informativa	Avaliación

	marzo	abril	maio	xuño
Semana 1			Alvarella	Courel
Semana 2			Alvarella	
Semana 3				Courel
Semana 4				



2. Coñecer Oleiros / Contorna Oleiros

Este programa é un dos que máis tempo se leva facendo no concello cos centros educativos, e sempre provoca boas respostas da comunidade escolar.

Tratamos de ir adaptando cada ano as rutas e as actividades para facelas o máis atractivas e educativas posible, sempre contando coa colaboración e suxestións do profesorado e dos/das educadores/as.

Obxectivos:

- Promover a convivencia e a socialización do grupo fóra do ámbito da escola.
- Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co noso medio local e comarcal.
- Coñecer de preto a nosa contorna, dun xeito ameno.

Destinatarios/as:

O alumnado da educación infantil e primaria dos colexios públicos de Oleiros.

Monitoraxe:

Ademais do profesorado que a normativa vixente obriga, as saídas estarán guiadas por educadores e educadoras profesionais.

Datas:

En horario lectivo, durante o curso escolar, concertarase coas aulas solicitantes.

Duración:

Con carácter xeral de 9.00 a 14.00 h.

Índice e rutas:

Para educación infantil e 1º ciclo de educación primaria:

- Coñecer Oleiros Santa Cristina e a ría
- Coñecer Oleiros o castelo e a illa
- Coñecer Oleiros lagoa de Mera e a contorna
- Coñecer Oleiros costa de Santa Cruz
- Coñecer Oleiros parque metropolitano de Bastiagueiro

Para o 2º ciclo de Educación Primaria:

- Coñecer Oleiros Finca da Carballeira
- Coñecer Oleiros do doce ao salgado
- Coñecer Oleiros Monumento Natural
- Coñecer Oleiros costa de Santa Cruz

Para o 3º ciclo de Educación Primaria:

- Coñecer Oleiros Monumento Natural
- Contorna Oleiros Cecebre
- Contorna Oleiros Ría do Burgo
- Contorna Oleiros Sada
- Contorna Oleiros Monte Xalo



Fichas de rutas:

1. Santa Cristina e a ría:

Itinerario e dificultade: dique de Santa Cristina- mural Correo Corredoira - paseo marítimo - piñeiral - dunas - ría - parque José Martí. Dificultade: baixa


Centros de interese: faro de Sta. Cristina - illa de Sta. Cristina - mural dos golfiños (Correa Corredoira) - paseo marítimo - parque José Martí

Temas a desenvolver: Baía e illa de Sta. Cristina / Mural / A praia, as dunas, a vexetación, a ría e a súa riqueza / A pesca e o marisqueo / O parque / As mareas

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación e observación de fauna e flora

Equipamentos: parque municipal con lavabos, centro cultural A Fábrica e recursos a cuberto

Materiais didácticos: pequeno disporama e guías varias



2. O castelo e a illa

Itinerario e dificultade: parque Luís Seoane- paseo da Pardela - castelo - paseo marítimo - praia - rúa de Chesco - centro cívico. Dificultade: baixa

Centros de interese: castelo - CEIDA - a pasarela - paseo da Pardela - o porto e os paneis - centro cívico de Sta. Cruz - a praia - prazas públicas: Exilio, O Pote, 10 de marzo - Parque Luís Seoane.

Temas a desenvolver: O parque e as súas árbores / Aves acuáticas e mariñas / A praia e o porto / O castelo de Santa Cruz e os seus xardíns e contorno

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación e observación de fauna e flora

Equipamentos: parque municipal, recursos cubertos con lavabos

Materiais didácticos: pequeno disporama e guías varias





3. Lagoa de Mera e a contorna

Itinerario e dificultade: praia do Portelo - capela de Sta. Ana e miradoiro - lagoa e praia de Mera - paseo Penatouro - praia de Espiñeiro. Dificultade: baixa

Centros de interese: lagoa e parque de Mera / Penatouro e vista da torre de Hércules e cidade da Coruña / paseo peonil / praias e porto de Mera

Temas a desenvolver: Aves da lagoa / Plantas acuáticas / Árbores do parque / A vida na area e nos cantís / A telleira / As mareas e a costa / Os barcos de pesca e de mercadorías / Os novos paseos e o lixo que cuspe o mar

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, murais con elementos naturais e ecovixías da praia

Equipamentos: centro cultural

Materiais didácticos: guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e contos



4. Costa de Sta. Cruz

Itinerario e dificultade: parque As Galeras - senda costeira de Sta. Cruz - paseo da Pardela - porto de Sta. Cruz - parque Luís Seoane. Dificultade: baixa

Centros de interese: parque das Galeras / senda peonil costeira / paseo da Pardela / o castelo da illa / o CEIDA / porto de Sta. Cruz / parque Luís Seoane e monumento ao Emigrante

Temas a desenvolver: A vida nas pozas / A dinámica das mareas / A paisaxe costeira / A vida nos cantís / Un castelo para defender o medio / A vida mariñeira / As viaxes alén do mar

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, investigación nas pozas, xogos na area, calco de follas

Equipamentos: centros culturais a cuberto con lavabos

Materiais didácticos: guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e botes de observación





5. Parque Metropolitano de Bastiagueiro

Itinerario e dificultade: Souto de Vista Alegre - Lóngora - carril bici
- paseo marítimo

Dificultade: baixa

Centros de interese: Bosque de Vista Alegre / paseo marítimo / senda peonil / O Bosque dos veciños / Finca da Silva / Pazo de Lóngora

Temas a desenvolver: O bosque autóctono, conservación e tradicións... / A dinámica dos bosques / Río e vexetación de ribeira / O carril bici / Praia: aves, vexetación, contaminación, intermareal, usos...

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, conto de investigación, xogos de interpretación, observación de flora e fauna e calco de follas

Equipamentos: senda peonil

Materiais didácticos: guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e botes de observación



6. Finca da Carballeira

Itinerario e dificultade: pazo da Carballeira - viveiro forestal municipal.

Dificultade: baixa

Centros de interese: finca da Carballeira e contorno / pazo da Carballeira / capela de S. Marcos

Temas a desenvolver: Os bosques e a súa fauna, flora, formación, contaminación e usos / Ornamentación vexetal: plantas, arbustos, árbores... / Finca da Carballeira: historia, instalacións, usos... / Juana de Vega: unha muller liberal

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, observación de especies vexetais, plantación e sementeira

Equipamentos: recursos culturais a cuberto con lavabos

Materiais didácticos: proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías de campo, prismáticos e material de xardinería





7. Do doce ao salgado

Itinerario e dificultade: rotonda de Bastiagueiro - paseo marítimo - casa da Silva - rúa Mioporos - carril bici - rúa o Polvorín - paseo marítimo - dunas e ría - parque José Martí. Dificultade: baixa

Temas a desenvolver: A praia: aves, vexetación, contaminación, intermareal, usos... / Río e vexetación de ribeira / Contorno da finca da Silva / O carril bici / O mural / As dunas / A ría: aves, vexetación, fauna, contaminación, salubridade, recursos...

Centros de interese: paseo marítimo / carril bici /parque de Bastiagueiro / finca da Silva / praia de Bastiagueiro e instalacións / illa e faro de Sta. Cristina

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, pequeno estudo de zonación

Materiais didácticos: proxección, fichas da actividade, folleto informativo, guías de campo, prismáticos e lupas



8. Monumento Natural

Itinerario e dificultade: Aula do Mar - cruce Canabal - Canabal - alto do Seixo Branco - Buínte - Dexo - igrexa románica de Dexo. Dificultade: media-alta

Centros de interese: Aula do Mar / lavadoiro e enseada de Canabal / a insua e os faros / espazos naturais / a Marola / igrexa románica e vila de Dexo

Temas a desenvolver: Tipos de espazos naturais protexidos / Actividades compatibles / O Monumento Natural de Dexo, historia, importancia e características / A paisaxe costeira, as furnas / Vexetación costeira, interior / Colonias de aves, cantís / A pesca tradicional

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, visita á igrexa de Dexo

Equipamentos: recursos de I.A. con lavabos.

Materiais didácticos: proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías e prismáticos.



9. Contorna Oleiros: Cecebre

Itinerario e dificultade: Centro de Interpretación - ruta Crendes - observatorio - casa de Wenceslao Fernández Flórez

Dificultade: media-alta

Centros de interese: Centro de Interpretación / encoro / observatorio de aves / Espazo Natural Protexido / casa de Wenceslao Fernández

Temas a desenvolver: Encoros / Aves acuáticas / Vexetación de ribeira / Autóctono-foráneo / Espazos naturais protexidos / Contexto comarcal: concellos e mancomunidades / Literatura e natureza

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, visita ao centro de interpretación, visita á casa de Wenceslao

Equipamentos: Centro de Interpretación de Crendes, casa museo de Wenceslao F. Flórez.

Materiais didácticos: proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías e prismáticos



10. Contorna Oleiros: Ría do Burgo

Itinerario e dificultade: ruta da ría - xardín botánico - Aula da Natureza - Muíño de Acea de Ama. Dificultade: baixa

Centros de interese: Museo dos Muíños/ xardín botánico / a ría do Burgo / as pontes / paseo marítimo / carril bici

Temas a desenvolver: A ría e a súa flora e fauna, riqueza e recursos, contaminación e explotación / Xardíns e especies foráneas e autóctonas, usos e tradicións / Muíños, historia e usos / Recuperación de edificios/ Desenvolvemento sostible

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, visita ao Museo do Muíño, visita á Aula de Natureza, visita ao xardín botánico

Equipamentos: Museo dos Muíños de Acea de Ama , Aula da Natureza, zonas cubertas e con aseos

Materiais didácticos: proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías, telescopios e prismáticos





11. Contorna Oleiros: Sada

Itinerario e dificultade: ruta As brañas - Samoedo - O Castro de Sargadelos - porto

Dificultade: media

Centros de interese: paseo marítimo / porto de Sada / Museo do Castro / o humedal das Brañas

Temas a desenvolver: A ría, flora e fauna, riqueza e recursos, contaminación.../ Artistas galegos: I. Díaz Pardo, Luís Seoane.../ Humedais. Protección / Os portos: historia e usos / Recuperación de edificios / Desenvolvemento sostible

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora e visita ao Museo do Castro de Sargadelos

Equipamentos: Museo do Castro de Sargadelos, zonas cubertas e con aseos

Materiais didácticos: proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías, telescopios e prismáticos



12. Contorna Oleiros: Monte Xalo

Itinerario e dificultade: Monte Xalo - ruta fluvial dos muíños - Celas - Torre de Celas. Dificultade: media-alta

Centros de interese: Monte Xalo / Sendas e rutas de sendeirismo / muíños de auga / Aldea de Celas/ Torre de Celas

Temas a desenvolver: O monte en Galicia, os seus usos e protección, o abandono, actividades ao aire libre, a riqueza da paisaxe / As industrias e a contaminación / O río, flora e fauna, riqueza e recursos/ Os muíños: historia e usos / Etnografía/ Recuperación de edificios / Desenvolvemento sostible

Actividades: itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora, visita ao Centro Etnográfico da Torre de Celas

Equipamentos: muíños, Torre de Celas, zonas cubertas e con aseos.

Materiais didácticos: Proxección, fichas de actividade, folleto informativo, guías, telescopios e prismáticos



Calendarización:

No pasado curso escolar realizáronse 75 saídas de Coñecer Oleiros, 9 saídas de Contorno Oleiros, 12 xornadas de Un día en Galicia, utilizando 82 días lectivos, para todas as actividades do desenvolvemento do programa.

Planificación - preparación	Desenvolvemento
Reunión informativa	Avaliación

	xaneiro	febreiro	marzo	abril	maio	xuño
Semana 1						
Semana 2						
Semana 3						
Semana 4						

3. Un Día en Galicia

Coa intención de ir renovando a nosa oferta de actividades, e de utilizar a “viaxe”, como vehículo educativo, propoñemos este programa para ampliar a perspectiva e o coñecemento sobre o noso país, a súa historia, a súa cultura, e as súas xentes.

Pretendemos tamén, completar de forma graduada o achegamento dos nenos e nenas ao seu contorno, desde o máis inmediato ata o máis afastado (a súa parroquia, o seu concello, os concellos limítrofes, a súa provincia, o seu país, o mundo...), coa esperanza de axudar a entender que formamos parte dun mundo diverso, marabilloso, e que merece a pena coñecer.

Para iso, sairemos de viaxe ás 9.00 da mañá desde as aulas, para mergullarnos durante todo un día, nun lugar tan recóndito como achegado xeograficamente, chegando de novo ao centro aló á tardiña.

Está no noso ánimo, achegar esas “vilas” que aínda viven dentro das “cidades”, aos nosos nenos e ás nosas nenas, e mergullarnos en Galicia pasadas, que nos permita entender un pouco máis se cabe, esta Galicia presente.

E é que entendemos que a educación tamén é cuestión de perspectiva.





Obxectivos:

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Ampliar o coñecemento dun contorno inmediato, desde outras perspectivas. Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co medio natural.

Destinatarios/as:

O alumnado de **3º ciclo**, de cada centro de educación primaria do Concello de Oleiros

Actividades:

Visitas guiadas e rutas interpretativas
Dinámicas de grupos e xogos de descuberta ambiental do contorno
Obradoiros e actividades de coñecemento do medio
Actos culturais

Monitoraxe:

Ademais dos profesores que a normativa obriga, as excursións estarán guiadas por educadores e intérpretes ambientais profesionais.

As experiencias educativas dos “Un día en Galicia” deste curso escolar concréntanse nas seguintes excursións:

● “Fisterra, a fin do mundo”

Obxectivo: Achegarse ata un lugar de lendas e realidades, a vida no litoral, a pesca, os petróglifos, castros, a paisaxe, as súas rúas e vilas dos arredores.

Datas: Concretarase cos participantes.

Duración: Un día completo, de 9.00 a 20.00 horas en tempo lectivo.

● Pontedeume dos Andrade

Obxectivo: Coñecer unha gran vila medieval de Galicia, ás súas rúas, mosteiros, castelos, a ribeira do Eume...

Datas: Concretarase cos participantes.

Duración: Un día completo, de 9.00 a 20.00 h en tempo lectivo.

● Lucus Augusti

Obxectivo: Coñecer o berce dos primeiros poboadores, grande vila medieval, un dos centros neuráxicos da romanización en Galicia, ás súas rúas, igrexas, muralla, museos...

Datas: A concretar cos participantes.

Duración: Un día completo, de 9.00 a 20.00 h en tempo lectivo.





- **Ferrol de tod@s**

Obxectivo: Descubrir Ferrol, e os seus redores, o barrio da Magdalena, castelos, museos, porto pesqueiro, Doniños, a costa Ártabra espazo natural protexido e unha vila descoñecida moi preto de nós para gozar.

Datas: Concretar cos participantes.

Duración: Un día completo, de 9.00 a 20.00 h en tempo lectivo.

- **Brigantium entre as augas**

Obxectivo: Pasear por unha das máis importantes vilas medievais en Galicia, ás súas rúas, igrexas, murallas, museos, espazos públicos, parques, o río Mandeo, a ría, o Pazo de Mariñán...

Datas: Concretarase cos participantes.

Duración: Un día completo, de 9.00 a 20.00 h en tempo lectivo.

- **Compostela, campo de estrelas**

Obxectivo: Pasear por unhas vilas que orixinan a concepción de Europa, ás súas rúas, a catedral, a cidade estudantil, a intelectualidade, as prazas como espazos públicos, parques, museos, a poesía da choiva e a pedra...

Datas: Concretarase cos participantes.

Duración: Un día completo, de 9.00 a 20.00 h en tempo lectivo.





4. Hortas Escolares

A horta escolar constitúe un recurso educativo moi importante, dado o potencial de contidos pedagóxicos que se poden chegar a tratar na súa realización.

Na constitución da horta escolar van prevalecer os criterios pedagóxicos sobre os agrícolas. Non se trata dunha parcela na que cultivamos leitugas ou tomates, se non que debemos entendelo como un espazo dentro da escola no que imos tratar unha serie de contidos encamiñados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas.



Obxectivos:

- Desenvolver as capacidades de investigación e exploración na horta.
- Estimular a capacidade de comunicación e sociabilidade dos individuos do grupo de alumnos.
- Fomentar o recoñecemento dos cultivos e sementes.
- Realizar a colleita, completando o proceso, levando cada quen para a súa casa o cultivado.

Destinatarios/as:

Aulas de educación infantil das escolas A Pardela nos Regos, As Galeras en Bastiagueiro e A Canteira en Perillo. Ademais das aulas de infantil dos colexios Luís Seoane, A Rabadeira, Isidro Parga Pondal e Ramón María del Valle Inclán.

Duración:

Realizarase unha sesión de 50 minutos á semana por aula participante.

Datas:






As sesións celébranse ao longo do curso escolar 2010/11 e o primeiro trimestre do 2011/12.

Monitoraxe:

A actividade “Hortas Escolares” está dirixida por educadores especialistas en cultivos horticolas.



Horario semanal: A continuación refírese o horario das sesións semanais correspondentes ao programa para o presente curso escolar.

luns	martes	mércores	xoves	venres		
CEIP LUÍS SEOANE	CEIP LUÍS SEOANE	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	CEIP VALLE INCLÁN		
4ªIA 10.40/11.30	4ªIB 9.50/10.40	4ªIA 12.20/13.05	4ªIB 9.15/10.00	4ªIC 9.00/9.50		
5ªIA 12.30/13.20	6ªIA 9.05/9.50	5ªIA 10.55/11.40	CEIP VALLE INCLÁN	5ªIB 10.40/11.20		
5ªIB 9.50/10.40	EI A PARDELA	5ªIB 10.00/10.45		5ªIC 9.50/10.40		
6ªIB 9.05/9.50		11.30/12.00	6ªIA 13.05/13.40	EI A CANTEIRA		
	12.00/12.30	6ªIB 9.15/10.00	4ªIA 10.40/11.20		11.30/12.00	
				4ªIB 9.00/9.50	12.00/12.30	
				5ªIA 9.50/10.40	EI AS GALERAS	
				6ªIA 11.20/12.00		10.30/11.10
				6ªIB 12.50/13.35		11.10/11.50
						11.50/12.30



5. XI Concertos Pedagóxicos da Escola Municipal de Música

A MEMORIA DAS ÁRBORES baseada na obra do autor Xosé A. Neira Cruz

Este bonito e tenro concerto pedagóxico representado por un cuarteto de vento de profesores da Escola Municipal de Música de Oleiros é todo un exercicio artístico que pretende resaltar que a música, e neste caso a música clásica, aínda que moitas veces non se presenta como fío condutor dunha representación, sempre é un elemento natural e fundamental nas artes escénicas.

Obxecto do concerto:

Mostrar o relevante papel da música en xeral e en particular, a música clásica, para xerar impresións, motivacións, sentimentos e reaccións como parte fundamental das representacións das artes escénicas conxugando, neste concerto A memoria das árbores, narrativa, danza e música nun único espectáculo.

Contidos:

Interpretación de pezas musicais de Marcial del Adalid, arranxadas para cuarteto de vento (fruta/ frautín, óboe/ corno inglés, clarinete e fagote), como fondo musical que motivará a fantasía do público sempre en concordancia co discurso da narrativa e a representación plástica da danza.

Os bailaríns poñerán en escena os personaxes da historia, ao tempo que a música fará fuxir a nosa imaxinación, achegándonos aos máxicos lugares e até aos fantásticos seres que poboan cada un dos actos do conto.

Destinatarios/as:

Alumnos de educación primaria

Sinopse:

Cando Tano nace, os seus pais plantan unha árbore no xardín para que creza canda el.

A familia nunca esquece ao Baobab e, todos os anos, o día do aniversario de Tano, fan unha especie de cerimonia de limpeza e rego en torno á arbore. A Tano, porén, non chegándolle isto, colle un trociño de torta e lévallo ao Baobab.

Pola noite un estraño son vai perturbar o sono de Tano: é o Baobab que chama á súa fiestra para lle invitar a súa festa de aniversario. Alí estaban todos os animais e seres fantásticos do xardín da súa casa celebrando a festa en honor do Baobab.

Tano pásao estupendamente e entristécese de que chegue o amencer e que o mundo fantástico desapareza.

Porén, só terá que esperar un ano máis...

Duración:

45 minutos aproximadamente

Espazo físico e datas:

Auditorio de Mera. Mes de febreiro de 2011

6. II Espectáculos de Danza para Escolares: “O TEATRO MUSICAL”

Trátase dun espectáculo creado polos alumnos e polas alumnas da Escola Municipal de Danza de Oleiros, xunto coa Dirección e a Coreografía a cargo de Víctor Ullate Roche.

As actuacións consistirán nunha breve introdución ao teatro musical na voz de Víctor Ullate Roche coa que se pretende transmitir a paixón e o estímulo que supón para os rapaces e rapazas practicar esta arte. A coordinación, o ouvido e a forma física son os tres eixos sobre os que se asenta o espectáculo. Despois desta introdución, amosaríase un vídeo cos distintos estilos da danza, para logo pasar a representar tres números musicais polos alumnos da Escola Municipal de Danza. Remataría o espectáculo cun diálogo entre os espectadores e os artistas.

Espazos:

As sesións realizaranse nos ximnasios e/ou pavillóns dos institutos

Duración:

50 minutos, aproximadamente

Destinatarios/as:

Alumnado dos institutos de educación secundaria

Datas:

Concretarase co profesorado participante.





7. Actividades extraescolares infantís municipais na EI O Vilar

O programa de actividades extraescolares infantís municipais, trata de completar as actividades educativas en horario de tarde para os picariños/as da Escola Infantil de O Vilar como última supervivente dun sistema de ensinanza cálido e próximo aos máis pequenos/as e ás súas familias, onde a diversión e a integración no medio máis próximo, son eixos fundamentais das tardes na casa do pobo de Nós.

Coa ilusión de que as actividades axuden a educar no tempo libre, nenos e nenas máis sans e felices e como en cursos anteriores, son tres os bloques de actividades ofertados para os picariños/as, que este ano denominamos: Diverxogos, Diverarte e Divernatura, cada un deles son conducidas por profesionais da educación e a animación.

As características fundamentais do programa serán:

- Ofrecer actividades educativas ás familias, preto dos seus fogares.
- Percibir as casas do pobo e a súa contorna, como un lugar propio para desenvolver os seus momentos de xogo e divertimento.
- Facilitar a iniciativa e creatividade dos máis pequenos.
- Espertar o sentido participativo dos pequenos/as.
- Educar en valores e actitudes de tolerancia, respecto, solidariedade, amizade e sensibilidade polo medio.
- Desenvolver capacidades motoras como medio de relación co mundo que os rodea.
- Acostumar aos pícaros a aceptar a diferenza e diversidade como elementos positivos.
- Impulsar a comunicación o contacto e o traballo en equipo como medio de resolución de problemas.





■ Diverxogos:

O xogo é unha necesidade vital do ser humano, unha actividade indispensable para o desenvolvemento dos nenos e das nenas, a actividade máis importante da infancia, a profesión dos rapaces e rapazas, un medio de aprendizaxe espontánea, un campo de experimentación de hábitos intelectuais, físicos, sociais, morais... O xogo produce pracer en si mesmo, sempre á marxe de metas ou obxectivos externos ao propio xogo. Por último, na actividade lúdica hai un predominio dos medios sobre os fins, sendo a finalidade do xogo, xogar, simplemente.

Obxectivos:

- Ver a actividade física como un momento de gozo e expansión.
- Percibir as casas do pobo e a súa contorna máis próxima, espazos e actividades como un lugar propio para desenvolver os seus momentos de xogo e divertimento.
- Coñecer e aplicar normas de convivencia nos espazos compartidos.
- Desenvolver valores de colaboración, o respecto á diversidade, o coidado do medio.
- Potenciar a creatividade e a expresividade.

■ Diverarte:

Os nenos e as nenas teñen unha creatividade e expresividade innatas, polo que non temos que impoñer os nosos conceptos adultos sobre as imaxes plásticas, pois deste xeito inhibiríamos a autoexpresión dos pequenos. Hai que darlles as suficientes oportunidades e motivación para desenvolver estas capacidades. Diverarte pretende achegar o mundo das artes aos nenos/as de Nós, como o teatro, a música, a danza, a pintura... Actividades que darán aos/ás participantes, unha visión diferente do mundo artístico e axudarán a crear un público con criterio.

Obxectivos:

- Descubrir as técnicas básicas para expresarse artisticamente.
- Conseguir un control adoitado da súa motricidade fina, así como, unha axeitada coordinación óculo-manual, a través de experiencias plásticas e audiovisuais.
- Desenvolver a creatividade, a capacidade de xeneralización e a inventiva.
- Acadar unha actitude de apertura e interese cara a novas posibilidades expresivas.
- Traballar unha actitude de colaboración e diálogo cos compañeiros e de respecto e coidado cara ao material.





■ Divernatura:

Cada neno e nena, terá a oportunidade de aprender xogando dun xeito divertido e ameno distintas cuestións relacionadas co mundo natural. Poñeranse a disposición dos participantes as ferramentas necesarias para comprender e respectar o noso medio natural e a posibilidade de facer saídas que axuden a interpretar o medio natural que lles resulta máis familiar.

Obxectivos:

- Favorecer o coñecemento dos problemas ambientais que afectan tanto ao propio contorno coma ao conxunto do planeta.
- Observar e explorar o contorno inmediato con curiosidade e coidado.
- Fomentar a cooperación no grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer prácticas cotiás respectuosas co noso medio natural.



Destinatarios/as:

Están previstas fundamentalmente para os picariños e picariñas da Escola Infantil O Vilar de Nós, aínda que tamén poden acudir todos os nenos e as nenas da zona que queiran.

Duración:

Durante o curso escolar desde novembro de 2010 ata xuño de 2011, e no primeiro trimestre do curso escolar 2011/12, segundo o calendario escolar, coa seguinte distribución.

Diverxogos, os luns ás 16.15 h na casa do pobo de Nós

Diverarte, os martes ás 17.00 h na casa do pobo de Nós

Divernatura, os xoves ás 16.30 h na casa do pobo de Nós

Monitoraxe:

As sesións estarán levadas por educadores e educadoras especializados en xogos, artes plásticas e educación ambiental con experiencia con pícaros/as.





PROGRAMA DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS 2010-2011

- **1** Programa escolar (páx.88)
 - **1.1** Liga Local de Judo, sub 11 e sub 13
 - **1.2** Liga Escolar Local de Fútbol
 - **1.3** Liga Escolar de Balonmán
 - **1.4** Programa complementario de Educación Física (surf, body-board, kajak de mar, natación, remo, escalada deportiva, hóckey sala e iniciación á patinaxe)
 - **1.5** Programa de dinamización dos xogos populares nos centros de ensino público
 - **1.6** Encontros deportivos intercentros

- **2** Programa de formación deportiva (páx.94)
 - **2.1** Cursos de iniciación ao surf e body-board
 - **2.2** Escolas Acuáticas Municipais (incluídas no contrato de concesión administrativa coa empresa xestora)

● SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

Luis Hernández Alvedro

Técnico Municipal de Xestión Deportiva

Centro Cultural A Fábrica

Rúa do Inglés s/n. 15172 Perillo - Oleiros

Teléfono: 981 636 598

deportes@oleiros.org

1.1 Liga Local de Judo, sub 11 e sub 13

Seguindo coa boa experiencia dos últimos anos, continuamos coa organización da liga local de judo sub 13 e sub 11.

A liga disputarase en equipos de catro judokas, realizando varios combates en cada unha das catro xornadas previstas, disputándose un “play off” na última xornada e clausura.

As xornadas realizaranse no pavillón municipal de Canide.

Temporalización:

Sábados, 18 de decembro e 22 de xaneiro, 19 de febreiro e 26 de marzo.

Destinatarios/as:

Principalmente rapaces e rapazas entre 8 e 13 anos e practicantes de judo nas casas do pobo e colexios de Oleiros, aínda que coa finalidade de elevar a participación e polo tanto o nivel formativo da actividade, permitírase tamén a inclusión de escolares de centros de ensino da comarca da Coruña.

Obxectivos:

- Promover e diversificar a actividade deportiva en idade escolar a través do Judo.
- Fomentar os deportes de loita corporal como medio de desenvolvemento de patróns motrices específicos, así como a coordinación dinámica xeral.
- Fomentar a convivencia entre practicantes de distintas localidades.
- Reforzar motivacionalmente os rapaces e as rapazas á continuidade da práctica deportiva, organizando xornadas que os aproxime ao contorno da competición regrada.





1.2 Liga Escolar Local de Fútbol

Torneo de Fútbol disputado a unha soa volta entre os equipos de centros escolares e entidades deportivas do concello. Os partidos celebraranse nos distintos pavillóns municipais en función dos equipos participantes. As categorías son a de iniciación, benxamín e alevín. Participarán aproximadamente 100 rapaces. O monitorado contratado será o responsable das arbitaxes e de orientar os nenos e as nenas nas condutas de xogo e na participación axeitadas.

Temporalización:

De xaneiro a maio para o curso escolar 2010/2011. As xornadas realizaranse os sábados nos polideportivos municipais.

Destinatarios/as:

Poboación escolar de Oleiros entre 6 e 12 anos.

Obxectivos xerais:

- Promoción da actividade deportiva en idade escolar resaltando os aspectos pedagóxicos da competición, e ao mesmo tempo ofrecer saídas deportivas e lúdicas ás persoas participantes desta disciplina.
- Cubrir parte dunha demanda existente por parte das ANPA e clubs de fútbol.

1.3 Torneo escolar de Balonmán

Despois de xerarse no Concello de Oleiros unha nutrida base participativa neste deporte, con rapaces de entre 8 e 16 anos, consideramos moi apropiada a iniciativa de manter por segundo ano a organización dunha liga onde todos estes rapaces poidan ter a ocasión de participar nunha competición regrada á marxe das iniciativas federativas. A competición terá un marcado carácter educativo como ferramenta motivadora para a práctica deportiva.

Esta competición disputarase a dúas voltas entre equipos configurados desde as escolas de balonmán do Club Balonmán Oleiros e equipos procedentes de clubs e colexios da comarca da Coruña, dando así maior participación e interese á actividade.

Temporalización:

23 de abril.

Destinatarios/as:

Poboación escolar de Oleiros e da comarca entre 8 e 12 anos.

Obxectivos:

- Promover a actividade deportiva en idade escolar.
- Destacar os aspectos educativos da competición.
- Facilitar o acceso e introducir os rapaces á competición dun xeito progresivo.
- Fomentar e apoiar a práctica do balonmán, dada a existencia dun club deportivo deste deporte dentro do concello.

1.4 Programa complementario de Educación Física

Trátase dun dos programas de maior éxito e aceptación por parte dos centros educativos, e dos que levamos xa 6 edicións. Consiste en incorporar á materia de Educación Física nos centros de ensino de secundaria e primaria, actividades complementarias na propia materia de Educación Física e polo tanto, aprobadas polos seus correspondentes consellos escolares. Todas as actividades incluídas neste programa son gratuítas para o alumnado.

Para as actividades que se realicen fóra dos centros escolares, o Servizo de Deportes facilitaríaa o servizo de transporte.

- Os departamentos de Educación Física poderán elixir entre a seguinte oferta:

- **Xogos acuáticos:** Dirixido a rapaces de 5º de primaria e que se realizarán nunha única sesión na piscina municipal da Fábrica.

- **Natación:** Dirixido ao alumnado de 6º de primaria e 1º da ESO. Realizarase na piscina municipal de Perillo. Esta unidade didáctica tería como mínimo unha duración de tres sesións por grupo (unha hora cada unha), para traballar conceptos xerais de tres estilos de natación: braza, crol e costas.

- **Remo e kaiak de mar:** Dirixido ao alumnado de 6º de primaria e 1º e 2º da ESO. Realizarase na Escola Municipal de Remo situada na Fábrica. Trataríase dunha única sesión por quenda onde se dividiría o grupo en embarcacións de remo e de piragüismo. Trátanse conceptos básicos de coñecemento do material, normas de seguridade e coñecemento básico da técnica deportiva.

- **Escalada deportiva:** Dirixido a rapaces e rapazas de 3º da ESO e que se realizará nos rocódromos municipais.

A unidade didáctica sería como mínimo dunha sesión de dúas horas e un grupo máximo de 25 alumnos. As sesións intentan dar a coñecer o material (arnés, corda, mosquetóns, oíto etc.), o rocódromo e conceptos básicos sobre a escalada, o ráppel, os nós, as travesías, normas de seguridade etc.





- **Kaiak de mar e surf/ body-board:** Dirixida ao estudiantado de 4º da ESO e que se realizarán nas instalacións náuticas municipais da praia de Bastiaqueiro. Cada quenda estaría formada por un curso (máximo 25 alumnos), que unha vez na praia dividiríase en dous grupos para distribuír o material. Coñecemento do material, seguridade no mar e técnicas básicas de propulsión nas ondas serán os puntos importantes a tratar en sesión única para cada quenda.

- **Hóckey:** Dirixido a rapaces de 5º de primaria e que se realizarán en cada centro de ensino.

A unidade didáctica sería de tres sesión dunha hora onde se impartirán nocións básicas como as normas de xogo, material a utilizar, tipos de pases, condución e tiro.

- **Iniciación á patinaxe:** Dirixido aos cursos da ESO e bacharelato que os departamentos de Educación Física consideren oportuno en cada centro.



Temporalización:

Desde o Servizo Municipal de Deportes propoñemos aos departamentos de educación física que eles mesmos escollan as datas que máis lles conveñan para as distintas actividades escollidas, loxicamente entre o período escolar desde xaneiro a xuño.

Destinatarios/as:

Alumnado de primaria e secundaria dos centros públicos de Oleiros. Os departamentos poden distribuír as actividades en diferentes cursos, segundo o interese curricular.

Obxectivos:

- Divulgar actividades deportivas diferentes ás coñecidas como deportes convencionais ou tradicionais.
- Fomentar a práctica de actividades que ofrecen posibilidades de práctica regular dentro do municipio.
- Ampliar os recursos educativos da propia materia de Educación Física nos centros de ensino.
- Crear e dinamizar unha “bolsa” de poboación xuvenil con coñecemento sobre as actividades municipais e que poida servir como referente para as futuras ofertas deportivas.
- Adquirir coñecementos e contidos básicos sobre cada unha das actividades propostas, material que se vai empregar e aprendizaxe das técnicas básicas.

1.5 Programa de dinamización dos xogos populares

Ao ser conscientes do baixo coñecemento e sobre todo, práctica da poboación escolar sobre moitos dos xogos populares galegos, queremos manter unha iniciativa para intentar dar a coñecer de xeito práctico estes xogos nos nosos centros escolares de secundaria.

Durante o horario que se estime oportuno desde o centro (tempo de lecer ou horario lectivo), os monitores especializados encargáranse de impartir unha unidade didáctica a estruturar en dúas prácticas de distintos xogos populares a todo o alumnado ou cursos interesados, aínda que o formato de sesión pode ser variado en función do interese de cada departamento de Educación Física. O Concello de Oleiros facilitará o material necesario.

Temporalización:

A escoller por cada centro.

Destinatarios/as:

Poboación escolar de primaria (maiores de 8 anos), ESO e bacharelato dos centros públicos de Oleiros.

Obxectivos:

- Ensinanza e divulgación dos xogos populares entre a mocidade. A chave, a ra, os zancos, o pano, a mariola, a buxaina etc.
- Promoción da súa práctica nas numerosas instalacións que existen no concello, non só por adultos, senón tamén da xente máis nova.





1.6 Encontros deportivos intercentros

Trátase da organización de 3 encontros anuais (1 por trimestre) onde cada centro estaría representado en todas as disciplinas que nomeamos a continuación: **natación (por equipos de 5 alumnos)**, **baloncesto**, **fútbol sala**, **tenis de mesa (parellas)** e **bádminton**. Cada centro deberá formar como un equipo por curso de cada deporte (ou máis de un), é dicir, cada centro de secundaria tería 6 equipos en cada deporte (catro na ESO e dous en bacharelato).

O encontro tería lugar a xeito de triangulares, enfrontándose todos contra todos e elaborando un sistema de puntuación oficioso. Realizaríanse modificacións regulamentarias, puntuando valores e actitudes positivas dentro dos encontros e pola contra, penalízanse actitudes antideportivas e agresivas.

Temporalización:

A realizar en horario extraescolar, acordado en común cos respectivos departamentos de Educación Física. Cada xornada dos encontros dedicaríase a unha das modalidades deportivas, é dicir, en cada trimestre habería 5 xornadas, unha por modalidade.

Destinatarios/as:

Poboación escolar de ESO e bacharelato dos centros públicos de Oleiros.



Obxectivos:

- Dinamización deportiva da poboación escolar de Oleiros.
- Contrarrestar a tendencia sedentaria actual, utilizando a ferramenta motivadora da competición.
- Conseguir reintroducir hábitos de práctica deportiva cotiá entre a poboación escolar.





2.1 Cursos de iniciación ao surf

Despois dun ano de ausencia, e dadas as solicitudes recibidas polos veciños, ofrecemos novamente a posibilidade de iniciarse estas actividades tan arraigadas na praia de Bastiagueiro.

Trátase de cursos de iniciación de 6 horas, a realizar durante a temporada de surf, entendida esta como o período de xaneiro a maio e de outubro a decembro.

Os cursos terán sesións teórico-prácticas, utilizando tanto a piscina municipal como a propia praia de Bastiagueiro.

Nos cursos o número máximo será de quince alumnos por curso, para os que teremos un ratio de 5 alumnos / profesor.

Temporalización:

- 1º curso:..... 2 e 3 de outubro (2010)
- 2º curso:..... 16 e 17 de outubro
- 3º curso:..... 6 e 7 de novembro
- 4º curso:..... 20 e 21 de novembro
- 5º curso:..... 4 e 5 de decembro
- 6º curso:..... 12 e 13 de marzo (2011)
- 7º curso:..... 26 e 27 de marzo
- 8º curso:..... 16 e 17 de abril
- 9º curso:..... 14 e 15 de maio
- 10º curso:..... 28 e 29 de maio
- 11º curso:..... 11 e 12 de xuño
- 12º curso:..... 25 e 26 de xuño

Obxectivos:

- Fomentar e dinamizar o surf e body board en Oleiros como punto de referencia deste deporte en Galicia.
- Facilitar o inicio a este deporte e aprendizaxe básica.
- Promover as instalacións náuticas de Bastiagueiro como un servizo público náutico a potenciar e divulgar.
- Facilitar o proceso de aprendizaxe e progresión na práctica da disciplina, permitindo acadar o nivel mínimo para o acceso voluntario e individual ás competicións oficiais.

Destinatarios/as:

Maiores de 12 anos.





2.2 O Programa municipal de actividade acuática escolar

Este programa terá lugar nas piscinas municipais da Fábrica, Perillo, Oleiros e Dorneda desde o 4 de outubro ao 19 de xuño de 2011, a actividade terá carácter anual, realizando unha **sesión semanal** durante todo o curso académico, coincidindo co propio calendario escolar. Asemade as **xornadas de clausura** do curso terán lugar na semana do **13 ao 19 de xuño de 2011**.

■ NATACIÓN INFANTIL:

O obxectivo do programa de actividade acuática infantil é contribuír ao desenvolvemento integral do/a neno/a como complemento da motricidade básica, mellorando as capacidades físicas, así como contribuír á maduración do/a neno/a en varios eidos: cognitivo, perceptivo-motriz, expresivo-comunicativo, afectivo e de relación cos demais.

Son contidos deste programa para educación infantil: a familiarización coa auga a través do xogo; a adaptación ao medio acuático; a respiración; a propulsión e busca espontánea de formas de desprazamento perseguindo dar saída á necesidade de movemento; o mergullo e inmersión; a mellora da capacidade de coordinación; o fenómeno de bos hábitos en relación coa hixiene corporal, aseo persoal, normas de comportamento, coeducación, integración cos compañeiros...



■ NATACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA:

Os eixos básicos da actividade acuática para primaria son os seguintes: contribuír ao desenvolvemento das habilidades e destrezas motrices básicas para conseguir un dominio corporal e postural; coñecer a práctica da actividade acuática como unha saída máis para o ocio e o tempo libre; consolidar bos hábitos hixiénicos e de saúde, manifestando unha actitude positiva cara aos compañeiros e de bo comportamento nas instalacións; fomento de hábito de exercicio físico en relación coa saúde que eviten ou preveñan as malas posturas corporais, a obesidade e o sedentarismo.

Son contidos do programa para primaria: mellora do control tónico-postural, o equilibrio; mellora da lateralidade, a orientación espacial e temporal; mellora das habilidades e destrezas motrices básicas acuáticas (desprazamentos, mergullos, lanzamentos-recepcións e xiros); a mellora da capacidade de coordinación das accións motrices básicas, a propulsión; a práctica do xogo recreativo regrado; a mellora do ritmo da respiración; o fomento dos bos hábitos.





Transporte:

- O Concello de Oleiros facilita gratuitamente o servizo de transporte, tal como se explica no cadro de horarios. Este transporte inclúe acompañante no propio autobús.

- O itinerario realizarase unicamente dentro do termo municipal de Oleiros. É obrigatorio especificar da maneira máis precisa posible o lugar de parada que se solicita para o autobús, tanto á ida como á volta.

A partir do día 1 de outubro, quedarán expostos os itinerarios de transporte nos taboleiros do voso centro de ensino, nas piscinas municipais e no centro municipal da Fábrica.

- O transporte conta con servizo de acompañante, esta persoa acompañará tamén o alumnado desde o autobús

ata a conserxería da piscina (sen entrar no vestiario), lugar onde tamén o recollerá aos rapaces unha vez que remate a actividade.

- Se nalgunha ocasión, os pais ou nais pensan recoller o seu fillo na piscina, sen chegar a utilizar o transporte para o regreso, é importantísimo que lle comuniquen este feito á persoa que realiza o servizo de acompañamento, evitando así os retrasos innecesarios e a inseguridade para o acompañante do autobús de que puidese quedar alguén na piscina.

- No caso de que non haxa ninguén para recoller o/a alumno/a na parada de volta, o transporte deixará de novo o/a alumno/a na piscina onde fixo a actividade.

Recomendacións básicas:

- Lembra de que os/as nenos/as teñen que levar: traxe de baño, gorro, chancletas e toalla (este material é obrigatorio), e gafas se o consideran oportuno.

- Como norma xeral, en cada unha das piscinas nas que se desenvolve o programa, un responsable da empresa concesionaria reunirá o grupo no vestíbulo da entrada á piscina, onde pasará lista e posteriormente acompañará o grupo aos vestiarios que lle corresponda. Cada instalación organizará a entrada nos vestiarios como considere oportuno, para lograr unha total operatividade.

- No caso dos grupos de infantil, irán acompañados por un adulto responsable e utilizarán o vestiario que

lle corresponda segundo o sexo do alumno, de xeito que se poderán repartir nos dous vestiarios existentes.

- Os nenos maiores de 6 anos deberán cambiarse tamén no vestiario que lles corresponda (masculino, feminino ou habilitado para nenos/grupos), e entrarán acompañados por un adulto sempre que os responsables da actividade o consideren necesario para o control do grupo.

- Se algunha nai ou pai tivese interese en mudar de grupo e horario o seu fillo ou filla deberá comunicalo na recepción da piscina, onde analizarán as posibilidades de realizar o troco en función das prazas vacantes.



PROGRAMA MUNICIPAL DE NATACIÓN ESCOLAR. CURSO 2010/2011

- Centros de ensino público de secundaria, primaria e educación infantil
- Comezo: 4 de outubro de 2010 / Remate: 19 de xuño de 2011

Piscina municipal da Fábrica

Horario	luns	martes	mércores	xoves	venres
17:20 h	CEIP Valle Inclán 4º/5º curso 9 prazas	CEIP Valle Inclán 1º curso 18 prazas	E. Infantil Valle Inclán 24 prazas	E. Infantil Valle Inclán 16 prazas	CEIP Valle Inclán 2º/3º curso 18 prazas
18:10 h	CEIP Valle Inclán 4º/5º curso 18 prazas	E. Infantil Valle Inclán 24 prazas	E. Infantil Valle Inclán 24 prazas		

Piscina municipal de Perillo

Horario	luns	martes	mércores	xoves	venres
17:10 h			CEIP Valle Inclán 6º curso 18 prazas	IES Neira Vilas	

Piscina municipal de Dorneda

Horario	luns	martes	mércores	xoves	venres
16:30 h	E. Infantil Luís Seoane 27 prazas (con transporte)	CEIP Parga Pondal 1º/2º/3º curso 18 prazas		E. Infantil Parga Pondal 24 prazas	CEIP Luís Seoane 1º/2º/3º curso 29 prazas
17:20 h	E. Infantil Luís Seoane 24 prazas	CEIP Parga Pondal 4º/5º/6º curso 27 prazas (con transporte)	CEIP Parga Pondal 1º/2º/3º curso 27 prazas (con transporte)	E. Infantil Parga Pondal 24 prazas (con transporte)	CEIP Luís Seoane 1º/2º/3º curso 22 prazas
18:10 h				IES María Casares IES Miraflores	CEIP Luís Seoane 4º/5º/6º curso 34 prazas (con transporte)



Piscina municipal de Oleiros

Horario	luns	martes	mércores	xoves	venres
17:20 h	CEIP A Rabadeira 1º/2º curso 27 prazas (con transporte)	CEIP A Rabadeira 3º/4º curso 27 prazas (con transporte)	CEIP A Rabadeira 5º/6º curso 27 prazas (con transporte)	El Infantil A Rabadeira San Pedro 24 prazas (con transporte)	El Infantil A Rabadeira San Pedro 24 prazas

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE SURF. CURSO 2010/2011 • De 12 a 17 anos

O Concello de Oleiros, coñecedor da problemática social que supoñen os ascendentes índices de obesidade infantil e xuvenil, do sedentarismo, e das dificultades que ás veces atopa a nosa mocidade para realizar actividades físicas e deportivas dun xeito regular, pon en marcha as escolas deportivas municipais de surf dirixidas a rapaces e rapazas de entre 12 e 17 anos.

O programa de actividades de surf terán lugar no Centro Deportivo Municipal da praia de Bastiagueiro desde o 3 de novembro ata o 27 de maio, coincidindo co calendario.

cursos	mércores	venres
1º, 2º, 3º e 4º da ESO e bacharelato	16:30	16:30

Observación: A pesar da coincidencia horaria dos distintos cursos, cada grupo de cursos (1º, 2º e 3º da ESO e por outra parte 4º e bacharelato, poderá dispor de profesores diferentes)

Normativa de inscrición e sistema de pagamento:

- O prazo de inscrición comezará o 26 de outubro.
- As inscricións poderán realizarse na conserxería do centro educativo ou na conserxería da Fábrica.
- Deberá cubrirse a ficha de inscrición coa autorización paterna e coa orde de domiciliación bancaria co correspondente número de conta.
- O sistema de pagamento será por domiciliación bancaria.
- Para darse de baixa no programa, deberase presentar a solicitude, e entregala na conserxería da Fábrica, antes do día 20 do mes anterior ao que se desexa causar baixa.

Táboa de prezos públicos

empadroados	non empadroados
16 euros / mes	40 euros / mes



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES MUNICIPAIS PARA O CEIP ISIDRO PARGA PONDAL 2010-2011

- **Bloque cultural:** (páx.101)
Aventura, Xogos, Divernatura - Natura, Diverarte - Arte
- **Bloque deportivo:** (páx.105)
Deporte 1, Deportes 2, Xogos e psicomotricidade



Programa de actividades extraescolares municipais para o CEIP Isidro Parga Pondal

O Programa de actividades extraescolares do CEIP Isidro Parga Pondal, consiste no desenvolvemento de dous bloques de actividades:

■ **Bloque cultural: Aventura, Xogos, Divernatura - Natura, Diverarte - Arte.**

■ **Bloque deportivo: Deporte 1, Deportes 2, Xogos e psicomotricidade**

As directrices xenéricas nas que, no seu conxunto, todas as actividades se deben encadrar son:

- a) Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade.
- b) Educar os alumnos na adquisición de hábitos saudábeis e a relación destes coas actividades.
- c) Aproveitar os valores a transmitir, para a adquisición de coñecementos que permitan o desenvolvemento das capacidades físicas, a disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade, a amizade, a tolerancia e o xogo limpo.
- d) Fuxir dos estereotipos e actitudes sexistas que vinculan certas prácticas cos nenos e outras coas nenas. A coeducación é un alicerce básico.
- e) Formular dun xeito lúdico as tarefas a deseñar de xeito que permitan sobresaír tanto a nenas como a nenos.
- f) Non permitir comportamentos violentos. O adversario no xogo é un compañeiro non un rival.
- g) Acostumar os nenos/as a aceptar a diferenza e a diversidade como elementos positivos, e a promover a tolerancia entre individuos.
- h) Axudar a ver o espazo escolar como un espazo de gozo.
- i) Usar a lingua galega como lingua vehicular habitual na dinámica das actividades.





BLOQUE CULTURAL:

■ Aventura

Propónse a realización de actividades arredor da aventura, entendida esta nun senso amplo, como poden ser aquelas actividades que desenvolvidas no medio natural, comprenden unha importante actividade física e un material complementario máis motivador que outras actividades. Como por exemplo: a orientación, o campismo, o manexo da bici, rutas etc., sen esquecerse da imaxinación e da creatividade.

Obxectivos xerais:

- Amosar o medio natural, como un marabilloso campo de xogos e aventuras.
- Utilizar as actividades físicas como medio de relación positiva e non competitiva entre os nenos e as nenas.
- Dar a coñecer dun xeito lúdico, actividades relacionadas co medio natural.
- Proporcionar coñecementos básicos de actividades físicas menos habituais, que lles permitan gozar do contorno, atendendo ao principio de respecto á natureza.
- Favorecer a través da actividade física, o desenvolvemento das habilidades motrices.



Contidos: 1º, 2º e 3º educación primaria

- Grandes xogos temáticos
- Nós básicos e aplicacións
- Pontes de corda, circuítos
- Iniciación ao campismo: material, organización de campamentos, nós...
- Obradoiros de disfraces e pintura para os Grandes Xogos
- Obradoiros de alimentación sa
- Proxeccións, disporamas
- Saídas de coñecemento do medio (mercado, granxa, parque...)
- Bici I
- Orientación I

Contidos: 4º, 5º e 6º educación primaria

- Grandes xogos de ambientación histórica
- Bici II
- Orientación II
- Nós e aplicacións
- Técnicas de campismo
- Pontes de corda, circuítos
- Construcións
- Astronomía básica
- Obradoiro de alimentación sa
- Proxeccións e vídeo-foro





BLOQUE CULTURAL:

■ Xogos:

O xogo é unha necesidade vital do ser humano, unha actividade indispensable para o desenvolvemento dos nenos e das nenas, a actividade máis importante da infancia, a profesión dos rapaces e rapazas, un medio de aprendizaxe espontánea, un campo de experimentación de hábitos intelectuais, físicos, sociais, morais... O xogo produce pracer en si mesmo, sempre á marxe de metas ou obxectivos externos ao propio xogo. Por último, na actividade lúdica hai un predominio dos medios sobre os fins, sendo a finalidade do xogo, xogar, simplemente.

Obxectivos xerais:

- Estimular o pracer de xogar por xogar.
- Empregar o xogo como factor central da aprendizaxe e xerador da progresiva adaptación social.
- Relacionarse e participar en actividades de grupo desenvolvendo o sentido da ilusión, creatividade, autonomía, liberdade e respecto do seu contorno e do propio centro.
- Coñecer actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural a través dos xogos.
- O xogo como figura potenciadora do coñecemento sensorial, corporal e intelectual.

Contidos: 1º, 2º e 3º educación primaria

Grupos de contidos a traballar:

Traballamos a seguinte tipoloxía de xogos a traballar adaptados evidentemente á idade escolar comprendida entre os 6, 7 e 8 anos.

- Xogos cooperativos e con material alternativo
- Xogos populares e interculturais
- Xogos para o movemento, persecución...
- Grandes xogos
- Xogos sensoriais e de coñecemento corporal:
 - Xogos de discriminación visual
 - Xogos de expresión corporal e axuste postural
 - Xogos de discriminación táctil
 - Xogos de coñecemento corporal
 - Xogos de discriminación auditiva
 - Xogos de lateralidade
 - Xogos de equilibrio

Contidos: 4º, 5º e 6º educación primaria

Bloques de contidos a traballar:

Traballamos a seguinte tipoloxía de xogos a traballar adaptados evidentemente á idade escolar comprendida entre os 9, 10 e 11 anos e continuando coas actividades do ano anterior.

- Xogos cooperativos e con material alternativo
- Xogos populares e interculturais
- Xogos para o movemento, persecución...
- Xogos predeportivos; traballaremos: habilidades específicas (perceptivo motrices e habilidades e destrezas básicas). Velocidade (desprazamento, reacción). Forza. Lanzamentos. Coordinación. Colaboración
- Grandes xogos



BLOQUE CULTURAL:

■ Divernatura - Natura:

Cada neno e nena, terá a oportunidade de aprender xogando dun xeito divertido e ameno distintas cuestións relacionadas co mundo natural. Poñeranse a disposición das persoas participantes as ferramentas necesarias para comprender e respectar o noso medio natural.

Objectivos xerais:

- Favorecer o coñecemento dos problemas ambientais que afecta tanto ao propio contorno coma ao conxunto do planeta, así como das relacións entre ambos planos: local e global.
- Observar e explorar o contorno inmediato con curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións que se establecen entre eles.
- Fomentar a cooperación no grupo, a autocrítica e a resolución de conflitos.
- Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, respondendo aos sentimentos de afecto, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.
- Favorecer a extensión de prácticas e xeitos de vida sostibles nos distintos contextos vitais, baseados no emprego racional e solidario dos recursos así como no gozo respectuosos co medio.

Contidos: educación infantil

- Obradoiros de natureza (móviles, centros, xoguetes, cadernos, papel reciclado, "plasti" ecolóxica...)
- A horta
- Xogos de educación ambiental
- Actividades de observación, experimentos
- Cantigas e bailes da natureza
- Saídas interpretativas, exposicións

Contidos: 1º, 2º e 3º educación primaria

- Obradoiros de natureza (móviles, centros, xoguetes...)
- A horta
- Investigación natural I
- Caixas niño e comederos para as aves
- Calco de follas de árbores
- Dinámicas de grupo e xogos de educación ambiental

Contidos: 4º, 5º e 6º educación primaria

- Obradoiros de natureza (frasco de cores, papel reciclado, xoguetes...)
- A horta
- Caixas niño e comederos para as aves
- Investigación natural II
- Saídas interpretativas
- Dinámicas de grupo e xogos de educación ambiental





BLOQUE CULTURAL:

■ Diverarte - Arte:

Diverarte pretende achegar o riquísimo mundo das artes aos rapaces e ás rapazas como o teatro, a música, a danza, a pintura...; actividades que farán das persoas participantes unha visión diferente do mundo artístico e axudarán a crear un público con criterio.

Obxectivos xerais:

- Favorecer o desenvolvemento da creatividade persoal a través das distintas manifestacións artísticas.
- Dar a coñecer a realidade cultural galega, a súa música, a súa arte e coñecer as semellanzas e as diferenzas que existen ante outras culturas.
- Favorecer a través dun enfoque sensorial das actividades, a afección pola creación artística.
- Achegar o mundo das artes escénicas, a música e a arte, aos rapaces e fomentar neles o gusto pola súa práctica.

Contidos: educación infantil

- Recuncho do Artista: Artíteres, baile
- Recuncho do Músico: a música e o xogo
- Recuncho do Actor: teatro ou xogo

Contidos: 1º, 2º e 3º educación primaria

- Recuncho do Artista: crea o teu escenario / pinta o teu Concello
- Recuncho do Músico: música para nenos / crea o teu propio instrumento
- O baile e as danzas do mundo
- Recuncho do Actor: o circo / teatro ou xogo

Contidos: 4º, 5º e 6º educación primaria

- Recuncho do Artista: realiza a túa propia maqueta
- Recuncho do Músico: crea a túa propia canción
- Recuncho do Actor: o noso teatro
- O baile e as danzas do mundo





BLOQUE DEPORTES:

■ Xogos e psicomotricidade (infantil):

Os seus contidos baséanse na utilización do xogo para o desenvolvemento das condutas motrices dos nenos e das nenas a través do movemento, das interaccións cognitivas, emocionais, simbólicas e sensoriomotrices.

Obxectivos xerais:

- Coñecer distintos segmentos corporais.
- Realizar desprazamentos básicos.
- Coñecer a regra durante o xogo.
- Desenvolver a formación motora (desprazamentos, rebotes, saltos, pasar, recibir, golpear etc..) e a formación perceptiva (formas de relación co contorno).



Contidos:

- Orientación espazo - tempo
- Desenvolvemento xeral de habilidades motrices básicas
- Conceptos topolóxicos (arriba - abaixo, dentro - fóra etc.)
- Cooperación e participación activa
- Respecto pola norma, as regras e os compañeiros
- Aceptación das propias posibilidades

■ Deportes 1. Educación primaria:

Traballárase, sempre de xeito lúdico e a través do xogo, sobre contidos relacionados con aprendizaxes xerais de varios deportes, tanto sociomotrices ou colectivos (fútbol adaptado, balonmán adaptado e minibasket), como deportes psicomotrices ou individuais (patinaxe e judo). As disciplinas terán carácter rotatorio ao longo do curso escolar, de xeito que ao remate de cada curso se teña coñecido dun xeito xenérico cada una delas e ao remate do 3º curso de primaria a riqueza e bagaxe motriz sexa o máis ampla posible, tendo en conta que ás idades temperás debemos fuxir da especificidade deportiva.

Obxectivos xerais:

- Desenvolver capacidades motoras a través de tarefas lúdicas relacionadas coas disciplinas nomeadas.
- Ser capaz de realizar distintos tipos de desprazamentos, saltos e xiros de maneira coordinada.
- Desenvolver a coordinación nos lanzamentos e recepcións en posicións estáticas e dinámicas.

Contidos:

- Adaptación e manexo dos móbiles nos deportes: conducción, pase, recepción, golpeo
- As normas básicas dos diferentes deportes
- Estruturación do espazo de xogo nos deportes
- Habilidades de desprazamento sobre rodas



BLOQUE DEPORTES:

■ **Deportes 2. Educación primaria**

- Xogos deportivos onde se levan á práctica aplicacións metodolóxicas baseadas nos deportes sociomotrices, en concreto, no minibasket, minibalonmán, minivoleibol, hóckey e fútbol. A través do xogo, iníciáanse os alumnos na adquisición de coñecementos e pautas de comportamento nos deportes onde a colaboración/oposición resultan fundamentais para empezar a entender o xogo en equipo.
- Habilidades específicas en deportes psicomotrices ou individuais. Utilizando patróns motores relacionados coa patinaxe, judo, ximnasia deportiva e bádminton.

Obxectivos xerais:

- Coñecer a técnica dos diferentes deportes.
- Coñecer as regras básicas dos diferentes deportes.
- Coñecer estratexias básicas dos xogos deportivos.
- Familiarizarse co manexo dos diferentes implementos.

Contidos:

- A cooperación/oposición nos deportes de equipo
- Desprazamentos con e sen móbil
- Aceptación das regras e normas
- Habituar a perder e gañar
- Aceptación, valoración e respecto polo propio corpo

CALENDARIZACIÓN: Calendario semanal

A distribución horaria semanal farase da seguinte maneira, coas seguintes opcións para **educación infantil e primaria:**

Opción A: luns e mércores de **16.00 a 18.00 horas**

Opción B: martes e xoves de **16.00 a 18.00 horas**

Opción C: todos os días de **16.00 a 17.00 horas**

Opción D: todos os días de **16.00 a 18.00 horas** (Non poden ser usuarios do comedor escolar, agás que ambos pais xustifiquen a través de certificados de empresa que o seu horario laboral impide coidar os seus fillos)

Grupo	luns	martes	mércores	xoves
Infantil				
16:00 h	XOGOS de psicomotricidade	DIVERNATURA	XOGOS de psicomotricidade	DIVERNATURA
17:00 h	DIVERNATURA	XOGOS de psicomotricidade	DIVERNATURA	XOGOS de psicomotricidade



Grupo	luns	martes	mércores	xoves
Primaria				
16:00 h	XOGOS 4º/5º/6º AVENTURA 1º/2º/3º	DEPORTES 1	NATURA 4º/5º/6º ARTE 1º/2º/3º	DEPORTES 2
17:00 h	DEPORTES 1	XOGOS 1º/2º/3º AVENTURA 4º/5º/6º	DEPORTES 2	NATURA 1º/2º/3º ARTE 4º/5º/6º

Duración:

Durante o curso escolar desde outubro de 2010 ata maio de 2011, e no primeiro trimestre do curso escolar 2011/12, segundo o calendario escolar.

Sesións diarias de traballo

As sesións de traballo, para o equipo, será como máximo a seguinte:

- Dous monitores/as deportivos/as que realizarán cada un deles dúas sesións diarias dunha hora cada unha. Total 4 horas/día.
- Dous educadores de actividades culturais que realizarán cada un deles dúas sesións diarias dunha hora cada unha. Total 4 horas/día.
- Un educador de necesidades educativas especiais que realizarán dúas sesións dunha hora cada unha. Total 2 horas/día.
- O/a coordinador/a terá unha sesión de traballo diaria de 2,5 horas, cun horario de entrada 15 minutos antes e de saída 15 minutos máis tarde, que os educadores/as.

RECURSOS HUMANOS:

O equipo educativo

Poderán formar parte do equipo educativo, responsable da planificación- programación- execución e avaliación do programa de actividades extraescolares como mínimo:

- 1 coordinador do programa
- 4 monitores/as educadores/as
- 1 educador/a de N.E.E.

A ratio de educador/grupo será: 1/15 para as actividades de educación infantil e primaria. Estas ratios, deberán ser incrementadas por educadores/as de apoio cando as características das actividades así o demanden (sendeirismo, rutas interpretativas, saídas en bicicleta...). Asemade, os grupos que teñan participantes con “necesidades educativas especiais” deberán contar como mínimo cun educador de apoio, con formación específica para a necesidade de que se trate, é dicir a ratio será de 2/15.

- ▶ CENTRO DE INFORMACIÓN XUVENIL
- ▶ SISTEMA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS
- ▶ SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- ▶ SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN
- ▶ SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

